


Lingua e Literatura Galega

2º Bacharelato

E.P.A. Río Lérez

Lingua

ESTUDO DA LINGUA



Lar = Larinxe
F = Farinxe
U = Úvula
N = Fosas nasais
P = Padal

V = Veo do padal
A = Alvéolos
Li = Lingua
D = Dentes
Lab = Labios

Fonoloxía e fonética

A *fonoloxía* e a *fonética* son as disciplinas lingüísticas relacionadas cos sons da lingua.

A **fonoloxía** aborda o estudo dos fonemas e a súa función distintiva.



teto



peto

No exemplo anterior, a palabra *teto*, está formada por catro fonemas: /t/ /e/ /t/ /o/. Se cambiamos un destes fonemas por outro, por exemplo /t/ por /p/, obtemos unha palabra distinta: *peto*. Isto indica que os **fonemas**, aínda que son unidades sen significado, **serven para distinguir significados**.

Os fonemas transcríbense entre barras: / / (/tétu/).

A **fonética**, en troques, estuda a realización dos **sons**; por exemplo, a maneira en que o son [n] se pronuncia unindo o ápice da lingua cos alvéolos superiores e expulsando o aire polo nariz. Un son é a **materiación física dun fonema**, é dicir, producímolos cando falamos.

Os sons transcríbense entre corchetes: [] ([tétu]).

A produción dos sons

A **comunicación oral** entre os seres humanos é posible grazas ao **aparato fónico**. Neste proceso de emisión de sons, as fases son:

- **Respiración.** Dáse unha impulsión do aire. Os órganos que interveñen son os *pulmóns*, os *bronquios* e a *traquea*.
- **Fonación.** O aire que saíu dos pulmóns atopa coas *cordas vocais*, situadas na *larinxe*. Poden estar xuntas ou separadas: no primeiro caso, cando o aire chega, fainas vibrar e, daquela, prodúcese un **son sonoro**; no segundo caso, o aire pasa sen producir ningunha vibración nas cordas polo que o **son é xordo**.
- **Articulación.** Na derradeira fase, modifícase e modúlase o son segundo a posición que adoptan os órganos bucais seguintes: o veo do padal, a lingua, os dentes e os labios. Ao mesmo tempo, o aire tamén pode saír polas fosas nasais. Segundo a disposición dos órganos bucais, falamos de dous tipos de sons: os *vocálicos* e os *consonánticos*.
 - **Sons vocálicos.** Cando ningún órgano bucal obstaculiza a saída do aire.
 - **Sons consonánticos.** Cando se obstaculiza a saída do aire nalgunha zona da boca.

O sistema vocálico

As **vogais** caracterízanse por ser todas sonoradas (o aire non atopa ningún obstáculo na boca, a diferenza dos consonánticos). Son os únicos sons que poden funcionar como núcleo dunha sílaba; e poden ser ben **tónicos** ou ben **átonos**.

O sistema vocálico galego está formado por sete fonemas: /a/ (*gato*), /ɛ/ (*pel*), /e/ (*neno*), /i/ (*mil*), /ɔ/ (*nove*), /o/ (*raposo*), /u/ (*nube*). Cada un deles pode ser clasificado segundo estes criterios: o **grao de abertura da boca** e o **punto de articulación**.


— **Gráo de abertura.** Fai referencia á distancia que hai entre a lingua e o padal cando se produce un son, é dicir, á abertura da cavidade bucal. Segundo isto, as vogais galegas son:

ABERTAS	MEDIAS ABERTAS	MEDIAS PECHADAS	PECHADAS
a	ɛ, ɔ	e, o	í, u

— **Punto de articulación.** Este criterio de clasificación determina o lugar onde se atopa a lingua respecto do padal no momento en que se pronuncia a vogal.

ANTERIOR (OU PALATAL)	CENTRAL	POSTERIOR (OU VELAR)
í, e, ɛ	a	ɔ, o, u

Este é o **triángulo vocálico** da lingua galega.



ESTUDO DA LINGUA

As vogais na cadea falada

Ás veces, dentro dunha palabra, varias vogais aparecen de forma encadeada. Estas combinacións de sons vocálicos poden ser de tres tipos diferentes: o **hiato**, o **ditongo** ou o **tritongo**.

— **Hiato**. Dous sons vocálicos están en contacto pero constitúen o núcleo de sílabas distintas.

marea (ma-re-a) influír (in-flu-ír) túa (tú-a)

— **Ditongo**. Dous sons vocálicos están en contacto dentro da mesma sílaba e só un deles forma núcleo silábico.

peito (pei-to) acuario (a-cua-rio) touro (tou-ro)


Nestes ditongos, as vogais **i** e **u**, que non son núcleo silábico, tamén son chamadas semivogais: [j] e [w]: **noite** [oj], **avión** [jo], **cinuenta** [we], **meu** [ew].

Hai ditongos **decrecentes**, **crecentes** e **homoxéneos**.

REPARA

No tocante á acentuación gráfica, os **ditongos homoxéneos** en sílaba final de palabra equipáranse aos decrecentes; daquela, non se acentúan as palabras agudas rematadas nestes ditongos:

viviu azuis



■ A palabra *iguais* contén o tritongo -uai- [waj].

TIPO DE DITONGO	CARACTERÍSTICAS	EXEMPLOS
Decrecente	A abertura das vogais vai de máis a menos. Son os máis característicos do galego.	<i>rematei [ej], noite [oj], pausa [aw], dous [ow]...</i>
Crecente	A abertura das vogais vai de menos a máis.	<i>cambiar [ja], ciencia [je], igual [wa], frecuente [we]...</i>
Homoxéneo	Na mesma sílaba atópanse dúas vogais pechadas. Neles, o núcleo é a vogal que recibe máis intensidade.	<i>puido [uj], serviu [iw]...</i>

— **Tritongo**. Tamén tres vogais poden aparecer xuntas na mesma sílaba. Esta secuencia, chamada *tritongo*, posúe a seguinte estrutura: semivogal ([j] ou [w]) + vogal ([a], [e] ou [o]) + semivogal ([j] ou [w]).

cambiou [jow] iguais [waj]

En sílabas distintas — **Hiato**: dúas vogais (*marea* → *ma - re - a*).

Encontro de vogais na palabra

Na mesma sílaba

Ditongo: dúas vogais (*touro* → *tou - ro*).

Tritongo: tres vogais (*iguais* → *i - guais*).

O contacto entre vogais tamén se pode dar entre palabras diferentes: cando unha palabra remata en vogal e a seguinte comeza con outra. Este **encontro de vogais na cadea falada** fai que pronunciemos no mesmo grupo fónico palabras que estarían separadas nunha secuencia gráfica. Xorden entón, na fala, novos ditongos e mesmo **elisións** (reducións de varias vogais a unha).

unha imaxe [uɲajmáʃe] un **ao** día [uɲoḁía]

O sistema consonántico

A característica fundamental dos sons consonánticos é que nalgún punto da cavidade bucal se obstaculiza o paso do aire. Para clasificalos, os criterios que se adoitan usar son o punto de articulación e o modo de articulación.

— **Punto de articulación.** Fai referencia ao **lugar** da cavidade bucal onde se produce a obstrución do paso do aire que vén dos pulmóns. Segundo este criterio, os sons da nosa lingua teñen estes trazos.

TRAZO	PUNTO DE ARTICULACIÓN	SONS
Bilabial	Os dous labios.	p, b, m
Labiodental	O labio inferior e os dentes superiores.	f
Dental	O ápice da lingua e os dentes superiores.	t, d
Interdental	A lingua entre os dentes.	θ
Alveolar	O ápice da lingua e os alvéolos superiores.	s, l, r, r̄, ɲ
Palatal	O dorso da lingua e o padal.	ʃ, tʃ, λ, ɲ
Velar	O posdorso da lingua e o veo do padal.	k, g, ŋ

— **Modo de articulación.** Refírese á **maneira** en que se produce un son, considerando a duración da obstrución do aire e a forma de vencer esta obstrución. De acordo con isto, os sons posúen os seguintes trazos.

TRAZO	MODO DE ARTICULACIÓN	SONS
Oclusivo	Explosión, pola saída do aire despois de estar retido.	p, t, k, b, d, g
Fricativo	O aire pasa por un conduto producindo rozamento e ruído.	f, θ, s, ʃ
Africado	Despois dun primeiro momento de oclusión, faise unha fricación breve.	tʃ
Lateral	Coa lingua no centro da cavidade bucal, o aire sae polos lados.	θ, λ
Vibrante	A vibración da lingua corta o paso do aire (a vibración pode ser <i>simple</i> ou <i>múltiple</i>).	r, r̄
Nasal	O aire non sae pola boca, senón pola cavidade nasal.	m, n, ɲ, ŋ

REPARA

As **correspondencias** entre **grafías e sons** son estas:

a → [a]	n → [n]
b → [b]	nh → [ŋ]
c → [k], [θ] (ou [s], zonas de seseo)	ñ → [ɲ]
ch → [tʃ]	o → [o], [o]
d → [d]	p → [p]
e → [e], [e]	qu → [k]
f → [f]	r → [r], [r̄]
g → [g] (ou [h], zonas de gheada)	rr → [r]
h → ∅	s → [s]
i → [i], [i]	t → [t]
l → [l]	u → [u], [w]
ll → [λ]	v → [b]
m → [m]	x → [ʃ], [ks]
	z → [θ] (ou [s], zonas de seseo)

Debes ter en conta que:

- Un **son** pode corresponder a **varias grafías**: [b] de **vaso** e de **base**.
- Unha **grafía** pode corresponder a **distintos sons**: a grafía **c** correspóndese co son velar oclusivo xordo [k] en **casa** e co interdental fricativo xordo [θ] en **cea**.
- Existen **dígrafos**, dúas letras representan un só son: o **nh** de **unha** é o son nasal velar [ŋ].
- A grafía **h** non representa son ningún.

ESTUDO DA LINGUA

En definitiva, segundo o que acabamos de ver, a clasificación completa dos sons consonánticos do galego común sería esta.

PUNTO DE ARTICULACIÓN	MODO DE ARTICULACIÓN									
	Oclusivos		Fricativos		Africados		Laterais	Vibrantes		Nasais
	Xordo	Sonoro	Xordo	Sonoro	Xordo	Sonoro	Sonoro	Simple	Múltiple	Sonoro
Bilabiais	p (<i>pé</i>)	b (<i>bar</i>)								m (<i>me</i>)
Labiodentais			f (<i>fo</i>)							
Dentais	t (<i>ti</i>)	d (<i>dar</i>)								
Interdentais			θ (<i>ceo</i>)							
Alveolares			s (<i>sol</i>)				l (<i>lei</i>)	r (<i>eira</i>)	r (<i>rato</i>)	n (<i>noz</i>)
Palatais			ʃ (<i>xel</i>)		tʃ (<i>chan</i>)		ɲ (<i>ollo</i>)			ɲ (<i>leña</i>)
Velares	k (<i>can</i>)	g (<i>gol</i>)								ŋ (<i>unha</i>)

REPARA

Debes ter presente que o cadro anterior representa o sistema consonántico do galego común. Pero este sistema pode presentar **diferenzas en función da zona dialectal** á que nos refiramos. Por exemplo: para a maior parte da costa atlántica non habería a fila do son interdental porque non existe o son [θ] (seseo); en case toda a metade occidental de Galicia o [g] é substituído por [h], un son aspirado farínxeo (gheada); ou na zona da Limia Baixa (Ourense) consérvanse os sons fricativos sonoros [z], [ʒ]...



As consoantes na cadea falada

Na cadea falada, as consoantes, igual que sucedía coas vogais, tamén sofren diferentes fenómenos fonéticos. Por exemplo:

— **Labialización.** Unha consoante achégase a unha pronuncia labializada por contacto cun son deste tipo ([b], [p]...).

un pé [umpe] → O *n* realízase como bilabial por influencia do [p].

— **Velarización.** Unha consoante pronúnciase coma se fose velar por proximidade a outra tamén velar ([k], [g]...).

cinco [θiŋko] → O *n* realízase como velar por influencia do [k].

— **Relaxación ou aproximación.** As consoantes *b*, *d* e *g*, cando van entre vogais, non se realizan como oclusivas, é dicir, non se chega a pechar completamente o paso do aire. Constitúen entón sons relaxados ou aproximantes ([ɣ], [δ], [β]).

o galo cantaba [oɣálokantáβa] → A pronuncia do *g* e do *b* reláxase por influencia das vogais.

A entoación

Ao escoitarmos un interlocutor non só somos capaces de distinguir se emprega o seseo, a gheada ou outros trazos fonéticos dialectais, senón que tamén percibimos a súa entoación, é dicir, a melodía ou a cadencia con que executa os seus actos de fala.

A **entoación** pódese definir como o movemento melódico da voz, na secuencia de sons da fala, que pode reflectir diferenzas de sentido, de intención, de emoción e mesmo de orixe do falante.

Ao analizarmos a entoación dun enunciado debemos ter en conta o *acento* e o *ton*.

O acento

O **acento** é a maior intensidade coa que pronunciamos unha sílaba. Este elemento intensivo sobre a sílaba permítenos diferenciar *as sílabas tónicas das átonas e as palabras tónicas das átonas*.

O ton

O **ton** é a maior ou menor altura da voz. Así percibimos un ton alto e agudo ou baixo e grave en determinadas sílabas ata compoñer unha **liña ou melodía**. Esta **liña melódica** vai moi unida ao falante, xa que segundo a súa emisión notaremos se este afirma, interroga, exclama...


Modelos estándar de entoación

A serie de acentos e mais de tons emitidos vai producir a entoación dos grupos fónicos (palabras, frases, oracións...). Segundo a modalidade do enunciado podemos establecer catro modos básicos de entoación: *enunciativa, interrogativa, imperativa e exclamativa*.

- **Entoación enunciativa.** A liña melódica mantense nun ton medio; no tramo final descende.



- **Entoación interrogativa.** Ten un tramo inicial elevado e un tramo final descendente, máis brusco despois da derradeira sílaba tónica.



- **Entoación exclamativa.** Ten un tramo inicial moi elevado. A liña melódica adoita ascender lixeramente ata a derradeira sílaba tónica.




- **Entoación imperativa.** O ton inicial é aínda máis alto ca nas interrogativas e presenta un descenso continuado na liña melódica.



REPARA

Cómpre ter en conta que son posibles en cada caso **outras entoacións**, especialmente dependendo das **zonas dialectais**. Así, por exemplo, a entoación interrogativa das Rías Baixas parte do mesmo tramo inicial elevado, pero remata nun ton ascendente.



ESTUDO DA LINGUA Actividades

- 1. Distingue cales das vogais medias destacadas nestas palabras son abertas e cales pechadas.

terra → e comer →
 papel → cortello →
 farol → portugués →
 roda → mellor →
 xeitoso → porta →

- 2. Fai a división silábica destas palabras e clasifícaaas segundo conteñan hiatos ou ditongos.

PALABRA	DIVISIÓN SILÁBICA	HIATO OU DITONGO?
viúva	vi-ú-va	hiato
pouco
bebeu
perdoar
viaxe
lúa
muíño
caótico
caseiro

- 3. Forma palabras poñendo tritongos en cada oco.

B.....to cr.....lo

act.....s camb.....

Urug..... camb.....

- 4. Le en voz alta os seguintes versos. Repara nas vogais en contacto destacadas e comenta como lle afecta ao cómputo silábico este encontro entre vogais na cadea falada.

De Camelle os baixos son
 mui garridos ó mirar,
 nun día craro de inverno,
 cando o vento en calma está,
 [...]

Eduardo Pondal, *Queixumes dos pinos*

- 5. Indica o son que corresponde ás consoantes destacadas. Describe tamén o seu punto e modo de articulación.

queixar → [ʃ] / son palatal fricativo sonoro
 cea →
 quilo →
 algunha →
 lapis →
 chorar →
 carro →

- 6. Escribe palabras que conteñan estas secuencias de sons consonánticos.

[p] - [r] - [l] → **parrulo**
 [k] - [tʃ] - [l] - [t] →
 [p] - [r] - [l] →
 [b] - [θ] - [n] →
 [m] - [λ] - [r] →
 [k] - [θ] - [p] - [r] →
 [ʃ] - [n] - [t] - [k] →

— En grupos, contrastade e ampliade as vosas respostas.

- 7. Repara nesta serie de cinco palabras que trocan un único son consonántico.

masa → [m] 'mestura dunha materia sólida reducida a po e auga'



casa → [k] 'construción destinada a vivenda'



pasa → [p] 'uva seca'



nasa → [n] 'aparello de pesca'



gasa → [g] 'tecido, xeralmente de algodón, que se usa para facer vendas'

— Ofrece outras series similares de cinco palabras que varían nun son.

- 8. Escribe a representación fonética (sons) destas palabras, tal e como ti as pronuncias normalmente.

malleira - festa - cunha - chourizo
 galiña - quiniela - cerrar

malleira → [maɫéjra]

COMENTARIO DE TEXTO

As linguas levan cambiando desde as orixes, e ningunha lingua natural ten data de nacemento explícita. É un *continuum* cronolóxico, e só convencionalmente podemos xebrar unha parte dese *continuum* para dicir que, acadado tal grao de evolución, falamos galego (e non latín, por exemplo). A lingua dunha comunidade só morre ou porque a comunidade que a fala desaparece, ou porque se dilúe con maior ou menor grao de concentración na lingua doutra comunidade, ou porque evoluciona dando lugar a linguas distintas, a partir do mesmo momento ou en momentos históricos diferentes. Isto significa que o proceso de separación non ten por que supoñer de xeito obrigado a desaparición da lingua predecesora (como ocorreu co latín), senón simplemente a emancipación dunha lingua continuadora (como ocorreu co portugués); tamén é posible que a unha nova lingua se chegue por fusión de dúas ou máis linguas preexistentes que deixan ou non de existir como tales. Un e outro procesos son, en última instancia, dúas caras da mesma moeda: por centrámonos na coñecida fragmentación do latín en linguas románicas, cabe preguntarse se estas naceron por simple e pura división do latín ou se o fixeron por fusión do latín coas linguas radicadas en determinados territorios. Poderíamos dicir que a lingua, coma a materia, non se crea nin se destrúe, senón que se transforma: mesmo a lingua que «morre» como lingua independente deixa pegadas noutros sistemas, naqueles con que estiveron en contacto os seus falantes con anterioridade ou, polo menos, na lingua que vén substituíla. En calquera caso, parece evidente que a tendencia espontánea non é cara a unha lingua universal, máis ben todo o contrario: o mito da torre de Babel ten base na realidade. O erro está en velo como un castigo, e non como unha condición inherente á natureza da linguaxe humana.

Rosario Álvarez, «Algunhas reflexións sobre cambio, variación e galego estándar»,
en *Varietade e diversidade da lingua*

COMPRESIÓN DO TEXTO

- 1 Representa nun esquema a idea principal e as ideas secundarias do texto.

EXPRESIÓN E COMENTARIO CRÍTICO

- 2 Comenta criticamente o seguinte fragmento do texto.

En calquera caso, parece evidente que a tendencia espontánea non é cara a unha lingua universal, máis ben todo o contrario: o mito da torre de Babel ten base na realidade. O erro está en velo como un castigo, e non como unha condición inherente á natureza da linguaxe humana.

REFLEXIÓN LINGÜÍSTICA

- 3 Caracteriza fonoloxicamente as consoantes destacadas nestas palabras.

orixes (l. 1) - *ningunha* (l. 1) - *dicir* (l. 3) - *supoñer* (l. 7) - *erro* (l. 19)

- 4 Indica a clase de palabra á que corresponden estas voces do texto.

ningunha (l. 1) - *porque* (l. 4) - *significa* (l. 7) - *tamén* (l. 9) - *simple* (l. 13)

- 5 Analiza a estrutura morfolóxica destas palabras.

desaparición (l. 8) - *preexistentes* (l. 10) - *poderíamos* (l. 14) - *independente* (l. 16)

- 6 Explica, coas túas palabras, o significado que no texto teñen estas voces.

continuum (l. 2) - *xebrar* (l. 2) - *emancipación* (l. 9) - *inherente* (l. 20)

- 7 Escribe a familia léxica de: *lingua* (l. 1), *grao* (l. 5), *xeito* (l. 8) e *moeda* (l. 12).

— Indica, razoadamente, cales das familias léxicas anteriores son regulares e cales irregulares.

- 8 Identifica que tipo de oracións introducen as seguintes conxuncións.

que (l. 3) - *porque* (l. 4) - *nin* (l. 15) - *que* (l. 17)

Fonética

- 1. Le esta regra sobre o timbre do «e» tónico en determinadas formas verbais.

TIMBRE DO «E» TÓNICO NOS TEMPOS VERBAIS DE PERFECTO	
«E» MEDIO PECHADO EN VERBOS REGULARES	«E» MEDIO ABERTO EN VERBOS IRREGULARES
<i>varremos</i> [e] (pret. ind. «varrer»)	<i>houbemos</i> [e] (pret. ind. «haber»)
<i>colleras</i> [e] (antepret. ind. «coller»)	<i>fixeras</i> [e] (antepret. ind. «facer»)
<i>batesen</i> [e] (pret. subx. «bater»)	<i>viñesen</i> [e] (pret. subx. «vir»)
.....

— Amplía a listaxe anterior con máis exemplos de cada tipo. Despois crea oracións nas que combines formas verbais con «e» tónico medio aberto e medio pechado. Por exemplo:

Nós varremos onte toda a casa e, polo visto, antonte ti fixeras o mesmo.

— Por parellas, lede en voz alta as oracións pronunciando ben eses sons vocálicos.

Morfoloxía

- 2. Coloca diante de cada palabra a forma do artigo (*o, a, os, as*) que lle corresponda. Consulta un dicionario se é preciso.

.... éxtase estrataxema
.... diadema fraude
.... lentes cometa
.... acedume antípodas
.... masacre síndrome
.... atenuante roibén
.... velame agravante

- 3. Forma o plural destas palabras.

<i>ollomol</i> →	<i>test</i> →
<i>somier</i> →	<i>rei</i> →
<i>álbum</i> →	<i>papasol</i> →
<i>robot</i> →	<i>cadril</i> →
<i>cónsul</i> →	<i>farol</i> →
<i>compás</i> →	<i>ril</i> →
<i>dólar</i> →	<i>iceberg</i> →

Sintaxe

- 4. Copia estas oracións elixindo a opción correcta (o adverbio ou a locución adverbial) en cada caso.



INCORRECTO

- *Talvez / tal vez* vaiamos hoxe á praia.
- A orquestra comezou a tocar e *deseguido / de seguido* todos se puxeron a bailar.
- Este ano *apenas / a penas* viñeches visitarme.
- Antía e Luís volverán *decontado / de contado*.
- Camiñade *devagar / de vagar* para que o avó poida pasear convosco.
- Conseguín as entradas *de balde / de balde*.
- Eu, no traballo, *amiúdo / a miúdo* teño que atender varias cousas á vez.

- 5. Repara nesta información.

Como regra xeral, o pronome posesivo en función determinante vai precedido de artigo (*O meu coche é alemán*).

Con todo, hai dúas excepcións: o posesivo pode non levar artigo cando acompaña un nome de parentesco (*Meu irmán está enfermo*) ou en exclamacións e vocativos (*Meu Deus! Que frío vai!; Mira, meu rei, eu marchou*).

— Escribe un texto no que exemplifiques a regra xeral anterior e as súas excepcións.

Léxico

- 6. Substitúe a voz **plantexar*, incorrecta en galego, por un destes verbos, segundo conveña.



INCORRECTO

*suxerir - suscitar - formular
presentar - considerar - supoñer*

- O concursante non soubo contestar a última pregunta que lle *plantexaron*.
- Acompañarte á túa casa non me *plantexa* problema ningún. Cólleme de camiño.
- Na reunión da empresa *plantexei* varias opcións pero ningunha foi aceptada.
- Ninguén *plantexou* obxeccións cando propuxen ir de vacacións a Lisboa.
- O que *plantexou* as sospeitas da policía foron as manchas de sangue que había no cuarto.
- Estou *plantexándome* vender o piso e comprar unha casa na aldea.

- 7. Localiza nesta sopa de letras silábica oito verbos próximos ao significado de *cambiar*.

SUBS	MO	XER	EU	NAR	CHU
TI	FRE	DI	CIO	FRI	PROL
TU	MU	LU	FI	RAR	RE
ÍR	VO	DAR	TE	CAR	FOR
E	PEI	AL	TRO	ÑE	MAR
LAN	MAR	IN	VER	TER	XI

— Precisa, coa axuda dun dicionario, o significado de cada verbo.

- 8. Asocia os elementos da primeira columna cos da segunda e forma adxectivos relativos ao carácter.

<u>Elemento 1</u>	<u>Elemento 2</u>
pousa	barato
boca	foles
vira	verzas
baila	chaquetas
fala	podre
fervellas	nacriba

— Copia estas oracións trocando os adxectivos destacados polos anteriores equivalentes.

- Xacinto, na miña opinión, é un **charlatán**; ademais ten sona de **informal**.
- Mira que es **malfalado**. Como podes dicir que meu irmán é un noxento **hipócrita**?
- Non hai quen te entenda, un día chámasme **apoucado** e outro dis que son un **inquedo**.

- 9. Relaciona cada unha destas expresións coloquiais coa idea que expresa.

<u>Expresión</u>	<u>Expresa...</u>
A. Estámosche ben!	<input type="checkbox"/> Tardanza excesiva
B. Vaites, vaites!	<input type="checkbox"/> Présa
C. Menos lobos!	<input type="checkbox"/> Insistencia molesta
D. Abofé!	<input type="checkbox"/> Asombro, sorpresa
E. Bulindo!	<input type="checkbox"/> Confirmación
F. Ollo ao piollo!	<input type="checkbox"/> Atención
G. Tarde piaches!	<input type="checkbox"/> Resignación, desgusto
H. E dálle que tumba!	<input type="checkbox"/> Esaxeración

— En pequenos grupos, create un diálogo no que introduzades as expresións anteriores.

Ortografía

- 10. Explica a diferenza entre estes pares de palabras con «b» ou con «v» ofrecendo todos os significados ou acepcións de cada unha.

bacilar - vacilar

basto - vasto

bate - vate

abalar - avalar

bela - vela

- 11. Copia estas palabras cambiando o símbolo ● por «n» ou «ñ» segundo corresponda.

asasi●o	estra●o
enga●ar	campesi●o
medici●a	divi●o
po●er	entra●as
ga●ancia	gasoli●a
i●ocente	ofici●a
da●ar	anta●o
dispo●ible	da●i●o

- 12. Copia este texto poñendo todos os acentos diacríticos que lle faltan.

INCORRECTO

Puxen o capote vello e collín o paraugas porque chovía a caldeiros. Non había ninguén pola rúa; so tropecei cunhas mulleres de clase baixa, que se ían tapando cos seus faldróns; ademais, cuns comerciantes do país que levaban paraugas e con algúns mensaxeiros. Da xente nobre, so vin a un funcionario coma min. Vino nun cruzamento. Nada mais velo, díxeme a min mesmo: «Eh, que non, amigo, ti non vas ao teu ministerio, vas de presa detrás desa que vai correndo diante, míraslle para os pes». Pero que bichos somos os funcionarios! Xuro por Deus que un funcionario non permitiría que o deixase quedar mal ningún oficial do exército: en canto pasa algunha cun sombreiriño vaina enganchar. Pensando iso, vin unha carruaxe chegando a tenda, xusto por onde estaba pasando eu. Recoñecina enseguida: esta carruaxe e a do noso director.

Nikolai V. Gogol, *Diario dun tolo*



1 FONOLOXÍA E FONÉTICA

1. *** Define coas túas palabras *fonema*, *son* e *letra*.

2. *** Di se é aberta ou pechada a vogal tónica destas palabras.

serpe	mosca	querer	ceo
corazón	bota	Eva	comes
bebo	teléfono	riqueza	pelo
fixera	obra	sempre	voz
eterno	ser	pero	sodes
noite	eira	onte	sorte
rocha	memoria	coche	anzol
tarafa	mozo	sogra	corda
ledo	nenos	queren	quece
voso	esta	pobre	terra

3. *** Le este poema de Luís Amado Carballo e busca nel unha palabra con cada unha destas series de fonemas vocálicos.

“Abrelle as portas ao día
coa chave do teu cantar
que xa na fonte da Lúa
está lavada a mañán.

Bótalle o teu aturuxo
a paisaxe dende o val
que o gran balbo das estrelas
cairá serodio no mar.

O campo cheo de frío
busca un anaco de sol,
alcéndelle unha fogueira
co lume da tua voz.”

- /ɔ/ + /a/ • /a/ + /E/ • /a/ + /a/
- /ɔ/ + /E/ • /a/ + /a/ + /a/ • /ɔ/
- /a/ + /u/ + /u/ + /O/ • /e/ + /e/ + /a/ • /a/ + /O/
- /a/ + /a/ + /O/ • /o/ + /a/ + /E/ • /o/

4. *** Explica coas túas palabras que é a *metafonía* e a *influencia da nasal ao final da sílaba*. Pon exemplos que clarifiquen a túa explicación.

5. *** Elabora un esquema sobre os fenómenos que afectan ao vocalismo tónico e átono.

— Non esquezas engadir exemplos de cada un dos fenómenos.

6. *** Procura no poema anterior un exemplo do fenómeno da influencia da nasal a final de sílaba.

7. *** Identifica os fenómenos que afectan ao vocalismo átono que se dan nestas palabras.

*soman	*Curuña	*corazonhe	*arrodear
*vran	*ideia	*verdá	*arradio
*ademirar	*diferente	*meazar	*parez
*torrón	*arieiro	*romedio	*casare

8. *** Completa as definicións dos fonemas consonánticos cos trazos pertinentes que lles faltan.


- /m/: nasal,, sonoro
- /p/:, bilabial, xordo
- /s/:, alveolar,
- /k/:,, xordo
- /r/: vibrante, simple,,
- /r/:,, alveolar, sonoro
- /θ/: fricativo,, xordo
- /ʃ/:, palatal,
- /t/: oclusivo,, xordo
- /g/:, velar,
- /tʃ/:, palatal,
- /ŋ/: nasal,,
- /f/:, labiodental, xordo
- /d/:,, sonoro
- /l/: líquido, lateral,,
- /λ/: líquido, lateral,,

9. *** Le esta sinopse dunha obra narrativa de Francisco Castro.

AMOR É UNHA PALABRA COMA OUTRA CALQUERA

“Amor é unha palabra coma outra calquera... ou non. Carla, a protagonista desta novela, organiza a vida arredor do amor, do seu amor, do amor co que vive, do amor que soña, do amor que lle falta. O amor aprendido nas películas rosa, nas cancións melódicas, nas novelas cursis. Carla, en definitiva, organiza a vida arredor de seu home, pero, que acontece cando ese centro de gravidade un día colle a porta e marcha?, e que acontece se, ademais, un cadáver aparece dentro da casa para acabar de darlle a volta a todo? Unha novela de amor contra o amor. Porque amor é unha palabra coma outra calquera. Ou non.”

- Por parellas, buscade a palabra que teña cada serie de fonemas:
 - nasal, alveolar, sonoro + oclusivo, bilabial, sonoro + líquido, lateral, alveolar, sonoro.
 - oclusivo, velar, xordo + líquido, lateral, palatal, sonoro.
 - oclusivo, bilabial, xordo + vibrante, simple, alveolar, sonoro.
 - oclusivo, velar, xordo + arquifonema vibrante + líquido, lateral, alveolar, sonoro.
 - oclusivo, bilabial, xordo + líquido, lateral, alveolar, sonoro + oclusivo, bilabial, sonoro + arquifonema vibrante.
 - oclusivo, velar, xordo + oclusivo, dental, sonoro + oclusivo, bilabial, sonoro + arquifonema vibrante.
 - oclusivo, dental, sonoro + arquifonema nasal + oclusivo, dental, xordo + arquifonema vibrante.
 - nasal, bilabial, sonoro + arquifonema vibrante + africado, palatal, xordo.

10. ★★★ Define os fonemas das seguintes palabras. 

amor	áxil	cova	mar
verdade	anzol	xabón	machado
estraño	corazón	pendente	verme
ordenar	pena	campo	cempés

11. ★☆☆ Repara nesta serie de cinco palabras que trocan un único fonema.

paga /g/ 'cantidade que se recibe a cambio dun traballo, servizo etc.'

parra /r/ 'vide coas pólas moi crecidas, suxeitas e estendidas sobre un soporte horizontal a certa altura do chan.'

pasa /s/ 'uva seca'

pata /t/ 'cada unha das extremidades sobre as que un animal se sostén e camiña.'

palla /λ/ 'cana seca dos cereais unha vez separada do gran.'

- Ofrece outras series similares de cinco palabras que varíen nun fonema.

12. ★★★ Redacta un texto con sentido, de polo menos cinco liñas, no que aparezan todos os fonemas galegos.

13. ★☆☆ Explica que é a sílaba. 

- Indica que tipos de sílabas hai e procura exemplos de cada unha neste texto.

AS CÍES MOSTRAN POR PRIMEIRA VEZ Á CIENCIA UN CABALIÑO DE MAR

“Científicos do Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC en Vigo documentan por primeira vez a presenza do *Hippocampus hippocampus* en augas de Cíes, no marco do proxecto Hippoparques.

«Todo un éxito». Así definen os investigadores do Instituto de Investigacións Mariñas do CSIC en Vigo (IIM) o achádego científico da primeira especie de cabaliño de mar común (*Hippocampus hippocampus*) nas illas Cíes. Todo un fito, xa que é a primeira referencia documentada de cabaliños de mar nas Cíes e a terceira cita científica para Galicia desta especie. [...]

O descubrimento fíxose o pasado 4 de febreiro, na primeira inmersión do equipo do IIM en Cíes para tentar localizar cabaliños de mar e peixes pipa, no marco do Proxecto Hippoparques, que se desenvolve no Parque Nacional das Illas Atlánticas, en Galicia, e no Parque Nacional do Arquipélago de Cabrera, nas Illas Baleares.”


14. ★☆☆ Busca no texto da actividade 13 todos os ditongos e hiatos que haxa.


- Clasifica os ditongos segundo o tipo.

15. ★☆☆ Forma palabras poñendo tritongos en cada oco.

B.....to cr.....lo act.....s camb.....
ofic..... Urug..... camb..... ig.....s

16. ★☆☆ Redacta un texto no que aparezan polo menos cinco ditongos crecentes, cinco decrecentes e cinco hiatos.

17. ★☆☆ Define coas túas palabras *entoación*, *acento* e *ton*. 

18. ★☆☆ Indica que tipos de entoación hai en cada un destes enunciados. 

- Afástate da beira do mar! Queres que te arrastre unha desas ondas? Non ves que son xigantescas?
- Cando chegou o irmán, cantoulle as corenta por ser tan irresponsable e inmaturo.
- Meteogalicia di que vai chover a cachón os catro próximos días. Chuvia e máis chuvia!
- Non te mestures con esa xente! Non ves que non son boas persoas?
- Que perfil piden para ese posto de traballo?

SÍNTESE E AVALIACIÓN

FUNCIÓNS SOCIAIS DA LINGUA



- 1 Describe, nunhas 15 ou 20 liñas, en que consisten e como se manifestan as funcións sociais da lingua que se mencionan no esquema anterior.

— En grupos, lede as vosas respostas. Contrastádeas e revisade e ampliade o que sexa necesario.

LINGUAS MINORIZADAS E MINORITARIAS

Lingua dominante

Lingua de gran prestixio social que acaba por impoñerse, fóra do territorio do que é propia, a outra lingua (minorizada).

Lingua minorizada

Lingua que por influencia doutra lingua dominante non goza de normalidade no seu territorio.

Lingua minoritaria

Lingua con poucos falantes ou falada por unha minoría da poboación nun determinado territorio.

- 2 Le o seguinte texto.

Falar de globalización é falar do capitalismo e do consumismo, un capitalismo que goberna o mundo e engloba toda unha cultura industrial, liberal, materialista, unha mercadotecnia ou ideoloxía de marcas dominada polos grandes imperios económicos que lles

exportan a súa cultura aos demais países membros desa unión económica homoxénea. Estados Unidos é o país con maior poder económico e no mundo occidental o inglés é a lingua da economía, da ciencia, das novas tecnoloxías, do poder político... Esta nación vende toda unha serie de produtos literarios, económicos, musicais... que ás demais culturas non posúen e véndeos en beneficio propio e da súa cultura. A súa maior competitividade económica e o consumo de todos eses produtos por parte doutros estados e culturas repercute dalgunha maneira na conduta e na identidade de cada un deses países. Neste sentido, a globalización económica trae consigo unha globalización cultural e, en certa maneira, lingüística, xa que non todas as culturas teñen idéntico prestixio. O inglés é a lingua que un 69 % da poboación europea considera máis útil á hora de aprender unha segunda lingua.

Fronte a esta situación, que papel lles queda ás linguas minoritarias coma o galego, algunhas nin sequera recoñecidas como oficiais no seu país de orixe? Provocará a globalización a desaparición de moitas delas? Ao longo da historia desapareceron máis linguas das que existen na actualidade. Algunhas desapareceron pola extinción masiva de todos os seus falantes, como a lingua de Tasmania ou moitas linguas indíxenas do Salvador; outras evolucionaron ata se converter en novas linguas, como o latín, do que naceron as linguas románicas, entre as que está o galego. Pero as que máis nos interesan a nós son aquelas que sufriron unha extinción gradual, seguindo un proceso de simplificación, empobrecemento e restrición das súas funcións sociolingüísticas.

Margarita González e Mónica Places,
«A situación do galego nun mundo globalizado»
en *Actas da VIII conferencia internacional de linguas minoritarias* (adaptación)

- Indica como se reflicte no texto a importancia das funcións sociais na saúde e supervivencia dunha lingua.
- Explica tamén que relación ten o texto cos conceptos de «lingua dominante», «lingua minorizada» e «lingua minoritaria».

SÍNTESE E AVALIACIÓN

- 3 Define «texto» indicando cales son os seus trazos básicos e os elementos que adoitan compoñer a súa estrutura.

AS PROPIEDADES TEXTUAIS

Coherencia

Fai referencia á selección da información e á súa organización no texto.

Cohesión

Afecta á maneira en que se conectan e se relacionan entre si os contidos do texto.

Adecuación

Refírese á adaptación do texto á situación na que se produce o acto de comunicación.

- 4 Representa de forma gráfica o triángulo vocálico do galego introducindo ben estes exemplos: /o/ *raposo*, /i/ *mil*, /a/ *mar*, /e/ *verde*, /u/ *nu*, /ɛ/ *sete*, /ɔ/ *nove*.

ENCONTROS DE VOGAIS

Hiato → Dous sons vocálicos están en contacto pero constitúen o núcleo de sílabas distintas: *balea (ba-le-a)*.

Ditongo → Dous sons vocálicos están en contacto dentro da mesma sílaba e só un deles é núcleo silábico: *noite (noi-te)*.

Tritongo → Tres sons vocálicos en contacto na mesma sílaba; a vogal central é o núcleo silábico e as outras son semivogais: *habituais (ha-bi-tuais)*.

- 5 Clasifica estas palabras segundo as partes destacadas constitúan ditongos ou hiatos.

lingua pereira intuír faraón puiden pelouro coello azuis miúdo traer

— No caso dos ditongos, indica se son crecentes, decrecentes ou homoxéneos.

- 6 Copia no teu caderno o cadro completo dos sons consonánticos galegos atendendo o modo e o punto de articulación.

— Sinala despois, nesta clasificación, os cambios que serían precisos para representar o sistema consonántico das falas dialectais das Rías Baixas e da Limia Baixa (ver cadro á marxe da páxina 20).

- 7 Observa as consoantes destacadas nestas voces. Asocia cada exemplo co son consonántico axeitado e coa súa descrición.

Exemplos

A. peixe B. fardo C. leña D. veiga
E. quilo F. unha G. cella H. ourizo

Son consonántico

[k] [θ] [ʃ] [r]
 [b] [ŋ] [ɲ] [λ]

Descrición

- velar oclusivo xordo
 interdental fricativo xordo
 palatal fricativo xordo
 alveolar vibrante simple sonoro
 palatal lateral sonoro
 bilabial oclusivo sonoro
 velar nasal sonoro
 palatal nasal sonoro

— En grupos, contrastade e revisade as vosas respostas.

- 8 Indica se son certas (C) ou falsas (F) estas afirmacións. Transforma as falsas en certas.

A. A entoación é o movemento melódico da voz na secuencia da fala. →

B. Coa entoación é posible reflectir diferenzas de sentido, intención ou emoción, mais non a orixe do falante. →

C. A entoación galega en xeral caracterízase polo seu ton final ascendente. →

D. As entoacións co ton inicial máis elevado son a exclamativa e a imperativa. →

2



■ As unidades morfosintácticas constitúen unha escala gradativa: as unidades do mesmo nivel combínanse para formar a unidade superior: *nen-* / *-os* (monemas), *nenos* (palabra), *os nenos* (frase), *os nenos sorrín* (oración).

A morfosintaxe


Despois de vermos o curso pasado as distintas clases de palabras (morfoloxía), agora comezamos o estudo das diferentes relacións que estas palabras establecen entre si (sintaxe).

Para os efectos organizativos, hoxe é habitual estudar estes contidos (morfolóxicos e sintácticos) nunha única disciplina, a **morfosintaxe**, xa que os dous planos están moi próximos entre si. Por exemplo: o curso pasado tivemos que facer referencia constante á función das palabras (substantivo → núcleo da frase nominal...) ou á súa concordancia (substantivo – adxectivo) para poder caracterizalas.

Unidades morfosintácticas

Tendo en conta a estrutura interna da lingua e o modo en que se integran uns elementos noutros, podemos distinguir catro tipos de unidades morfosintácticas: o *monema*, a *palabra*, a *frase* e a *oración*.

- **Monema.** É a unidade máis pequena dotada de significante e significado. Os monemas combínanse formando palabras (*nen-o-s*).
- **Palabra.** Está formada por unidades inferiores (monemas) e poden ser de diferentes clases: substantivos (*Carne, can...*), adxectivos (*nova, triste...*), pronomes (*ela, este...*), artigos (*os, unha...*), verbos (*comer, durmir...*), adverbios (*cedo, ben...*), preposicións (*de, con...*) e conxuncións (*que, porque...*). As palabras combínanse formando frases.
- **Frase.** Está constituída por unidades inferiores (palabras) e desenvolve unitariamente unha función sintáctica (en *os nenos sorrín*, *os nenos* é unha frase nominal coa función de suxeito). As frases combínanse formando oracións.
- **Oración.** É a unidade sintáctica máis alta e está constituída por unidades inferiores (frases). Cada oración realiza unha predicación, é dicir, cada oración esixe a presenza dun verbo que ordena e condiciona a súa estrutura interna (*os nenos sorrín* é unha oración e *sorrín* é o seu núcleo verbal).



Deseguido, imos centrarnos nas unidades sintácticas superiores á palabra: a *frase* e a *oración*.


A frase

Como acabamos de indicar, a frase é a unidade que se atopa entre a palabra e a oración. A frase é a palabra (*fiestra*) ou grupo de palabras (*a fiestra pequena*) que desenvolven unha función unitaria dentro dunha oración ou doutra frase.

Atendendo a súa estrutura interna, podemos distinguir os seguintes tipos de frases: *frase nominal* (fn), *frase adxectiva* (fadx), *frase verbal* (fv), *frase adverbial* (fadv) e *frase preposicional* (fp). Deseguido, analizaremos cada unha delas polo miúdo.

Frase nominal


A frase nominal (fn) ten como **núcleo** (N) un substantivo (*esta muller*) ou un pronome (*ela*). Este núcleo pode ir complementado, ou non, por determinantes (DET) e modificadores (MOD).



- Os **determinantes** preceden ao núcleo da frase. A función de determinante pode ser desempeñada por diferentes clases de palabras: artigos (*o río*), pronomes demostrativos (*ese can*), pronomes posesivos (*teu pai*)... Esta función tamén pode ser exercida por máis dunha palabra (*o teu can*; *todos eses cans*...).
- Os **modificadores** adoitan ir despois do núcleo da frase (*xardín pequeno*), mais tamén poden ir antes (*pequeno xardín*). A función de modificador pode ser desempeñada por un adxectivo (*casa antiga*), por unha frase preposicional (*casa con xardín*, *escultura de pedra*), por unha oración subordinada adxectiva (*a casa que alugou Mónica*)...

Frase adxectiva

A frase adxectiva (fadx) ten como **núcleo** un adxectivo (*moi farto*), o cal só pode ser complementado por modificadores (MOD).



- Os **modificadores** da frase adxectiva poden ir antes do núcleo (*moi farto*) ou despois (*farto de que berres*). A función de modificador pode ser desempeñada por unha frase adverbial (*moi alto*, *incriblemente forte*...), por unha frase preposicional (*ancho de cadrís*), por outra frase adxectiva (*[camisa] azul celeste*), por unha oración subordinada substantiva (*seguro de que volverá*)...


REPARA

Lembra que, tal como vimos o curso pasado, hai un bo número de **pronomes** que, ademais de actuar como **núcleo** (N) da frase nominal, poden desempeñar a función de **determinante** (DET). Son os *demostrativos*, *posesivos*, *cuantificadores*, *identificadores*... Por iso reciben o nome de **pronomes determinantes**.

- Na oración *eu quero ese*, «ese» é núcleo.




- Na oración *ese lapis é meu*, «ese» é determinante.




REPARA

Como mencionamos neste apartado, as frases poden conter outras frases (é o que chamamos **recursividade ou expansibilidade sintáctica**).



Frase verbal


A frase verbal (fv) ten como **núcleo** un verbo, tanto na súa forma simple (**comes**) coma na perifrástica (**debes comer**).



A **frase verbal** é o elemento mínimo indispensable de toda oración, xa que desempeña a función de **predicado**. Dentro da frase verbal, e arredor do núcleo, adoitan organizarse outras unidades (frases) con outras funcións (obxecto directo, atributo, obxecto indirecto, complemento circunstancial...).

Frase adverbial


A frase adverbial (fadv) ten como **núcleo** un adverbio (*moi cedo*) ou unha locución adverbial (*pouco a pouco*). Este núcleo só pode ir complementado por **modificadores** (MOD).



- Na frase adverbial, os **modificadores** poden ir antes do núcleo (*máis lonxe*) ou despois (*enriba da mesa*). Como modificador podemos atopar outro adverbio (*moi preto*), unha frase preposicional (*preto do mar*), unha oración subordinada adverbial (*despois de que chegases*)...

Frase preposicional

A frase preposicional (fprep) posúe unha estrutura diferente ás anteriores, xa que non é posible identificar a preposición como o seu núcleo. As funcións que se dan nestas frases son as de **relator** (R) e **termo** (T).



- O **relator**, como vemos nos exemplos, é sempre a preposición que introduce a frase (**con, sobre**).
- O **termo** pode estar constituído por unha frase nominal (*con Eva, sobre a mesa*); por unha frase adverbial (*de onte, desde moi lonxe*); por outra frase preposicional (*de entre os cascallos*)...

A oración

A oración é a unidade sintáctica de máis alto nivel. Nela realízase unha **predicación**, é dicir, mediante o concurso do verbo, atribúese unha calidade, enúnciase unha actividade, exprésase un xuízo... Toda oración está constituída por unha ou varias unidades inmediatamente inferiores, isto é, por unha ou varias frases (e ás veces tamén outras oracións).

Meu avó le o xornal.

O exemplo anterior é unha oración porque nela se predica algo de alguén: enúnciase unha actividade [fv: *le* + (fn: *o xornal*)] realizada por alguén (fn: *meu avó*).

Clasificación das oracións

As oracións pódense clasificar basicamente atendendo a tres criterios: tendo en conta a actitude do falante, a natureza do predicado ou verbo e a súa estrutura.

Segundo a actitude do falante

A persoa que crea a oración transmite ou expresa unha determinada actitude ou intención.




■ *Meu avó le o xornal* constitúe unha oración.

ORACIÓNS SEGUNDO A ACTITUDE DO FALANTE		
TIPO	CONTIDO	EXEMPLO
Enunciativa ou aseverativa	Expón unha información ou unha idea. O falante anuncia un acontecemento, expresa un xuízo...	<i>Esa idea é interesante.</i>
Exclamativa	Expresa os sentimentos (admiración, alegría...) do falante.	<i>Que idea tan interesante!</i>
Interrogativa	Fai unha pregunta .	<i>Cres que é interesante esa idea?</i>
Dubitativa	Expresa un feito dúbido ou probable.	<i>Quizais sexa interesante esa idea.</i>
Desiderativa	Expresa un desexo .	<i>Oxalá a túa idea sexa interesante.</i>
Exhortativa ou imperativa	Expresa unha orde , un mandato ou unha prohibición .	<i>Analicemos esta interesante idea.</i>

Estes tipos de oracións (ou modalidades oracionais) maniféstanse a través de diversos trazos lingüísticos: a entoación (descendente, ascendente...); os signos ortográficos (de exclamación ou interrogación); os modos e tempos verbais (indicativo, subxuntivo, imperativo); os pronomes ou adverbios que marcan a actitude (quén o fixo?: quen → pron. interrogativo / quizais volva: quizais → adv. de dúbida...).

Segundo a natureza do predicado

É posible distinguir varios tipos de oracións atendendo diferentes aspectos da natureza do seu predicado: *verbo copulativo / verbo predicativo, verbo transitivo / verbo intransitivo, voz activa / voz pasiva...* Segundo estes criterios establecemos a seguinte clasificación.



REPARA

Existen dous tipos de oracións **atributivas**: as *caracterizadoras* e as *identificadoras*.

- As **caracterizadoras** atribúen unha calidade ou característica: *Aquela rapaza é simpática*. Nestes casos o atributo é substituíble polo pronome invariable *o*: *Aquela moza éo*.
- As **identificadoras** atribúen unha identidade: *Aquela rapaza parece a noiva de Anxo*. Nestes casos o atributo é substituíble polos pronomes variables *o, a, os, as*: *Aquela moza parécea*.

REPARA

As oracións **pasivas** poden ser de dous tipos: as *perifrásticas* e as *reflexas*.

- As **perifrásticas** fórmanse mediante a perífrase «ser + participio»: *A actriz foi entrevistada polo xornalista*.
- As **reflexas** (ou pasivas impersoais) constrúense co verbo en P3 ou P6 acompañado polo pronome «se», e carecen de complemento axente (AX): *Aquí dixéronse moitas mentiras*.

- **Oracións atributivas** (tamén chamadas copulativas). Teñen predicado nominal. Constrúense cos verbos copulativos (*ser, estar, semellar e parecer*) e contan sempre cun atributo (ATR).

Elas están moi cansas.

verbo copulativo ATR

- **Oracións predicativas**. Teñen predicado verbal, que é o que se constrúe con verbos non-copulativos. Poden levar calquera tipo de complemento verbal (OD, OI, CR...), agás o atributo (ATR).

Elas mercaron un coche novo.

verbo predicativo OD

- **Oracións activas**. Levan o verbo en voz activa. O seu suxeito é quen realiza a acción verbal.

A policía acordoou a zona.

S voz activa

- **Oracións pasivas**. Levan o verbo en voz pasiva. O seu suxeito non realiza a acción verbal, senón que a recibe; por esta razón ás veces chámasele *suxeito paciente*. Nestas oracións, a acción verbal é realizada polo axente, que vai introducido pola preposición *por*.

A zona foi acordada pola policía.

voz pasiva AX

- **Oracións transitivas**. O seu verbo é *transitivo*; é dicir, necesita a presenza dun obxecto directo (OD) para completar o seu significado (por exemplo: *atopar, deixar, pedir, amañar...*).

Miña irmá atopou dez euros no parque.

verbo transitivo OD


- **Oracións intransitivas**. O seu verbo é *intransitivo*; é dicir, non leva nin admite obxecto directo (OD) (por exemplo: *vivir, ir, gustar, chorar...*).

Miña irmá vive en Verín.

verbo intransitivo


- **Oracións reflexivas.** O mesmo referente realiza e recibe a acción verbal; é dicir, o mesmo elemento A é á vez suxeito (S) e obxecto directo (OD).

Xoán dúchase todos os días.
 ↓
 pronome reflexivo



- **Oracións recíprocas.** Teñen máis dun suxeito (suxeito múltiple) e a acción é executada e recibida mutuamente entre eles; isto é, o suxeito A actúa sobre o B e o suxeito B actúa sobre o A.

Meu irmán e Carme escribíense cada mes.
 ↓
 pronome reflexivo



Segundo a presenza ou ausencia do suxeito

Aínda que a maior parte das estruturas oracionais contan cun suxeito, a súa existencia non é indispensable para a constitución da oración. Entre as oracións sen suxeito cómpre distinguir as que **non requiren nin admiten suxeito** (*oracións unipersoais*) e aquelas nas que se busca marcar a **indeterminación do suxeito** (*oracións impersoais*).

REPARA

Nas *oracións reflexivas e recíprocas* xoga un papel clave a presenza dos **pronomes átonos reflexivos** (P1 → *me*, P2 → *te*, P3 → *se*, P4 → *nos*, P5 → *vos*, P6 → *se*).

En galego hai algúns verbos que **nunca teñen forma reflexiva**. Por exemplo: *adormecer, afogar, caer, calar, casar, espertar, marchar, morrer, quedar, rir...*

Outros **levan sempre pronome reflexivo** (*verbos pronominais*). Por exemplo: *atreverse, apaixonarse, apropiarse, arrepentirse, dignarse, queixarse...*

ORACIÓNS SEGUNDO A PRESENZA OU AUSENCIA DO SUXEITO			
	TIPO	CONTIDO	EXEMPLO
Con suxeito	Suxeito explícito	Hai suxeito e este aparece expreso.	<i>Meu irmán fixo onte vinte anos.</i>
	Suxeito elíptico	Hai suxeito pero este omítese (sobreenténdese).	<i>Esquecín as chaves. (SE → eu)</i>
Sen suxeito	Unipersoais	Con verbos en P3 referidos a fenómenos naturais (<i>chover, nevar, ventar...</i>).	<i>Novou durante toda a noite.</i>
		Cos verbos <i>facer</i> (referido a tempo cronolóxico), <i>haber, ser, ir</i> en P3.	<i>Hai unhas chaves sobre a mesa. Fixo dous anos do accidente.</i>
	Impersoais	Con verbos en P3 e mais pronome átono <i>se</i> como marca de impersonalidade.	<i>Estase ben aquí. Véndese bici e moto.</i>

Segundo a súa estrutura

Outra forma de clasificar as oracións é segundo a súa estrutura; é dicir, segundo contan cun só predicado ou con varios. Así temos as oracións simples, compostas coordinadas e compostas subordinadas.

- **Oración simple.** É unha oración cunha única frase verbal, que é o seu predicado: *Ana le un libro.*
- **Oración composta coordinada.** Son dúas ou máis oracións simples (dúas ou máis frases verbais) unidas mediante o procedemento de coordinación: (*Ana le un libro*) e (*Anxo dorme*).
- **Oración composta subordinada** (tamén chamada oración complexa). É unha oración que, polo procedemento de subordinación, contén outra dentro dela: [*Ana le un libro (que mercou onte)*].

Veremos as oracións desde esta perspectiva nas próximas unidades.

ESTUDO DA LINGUA Actividades

- 1. Identifica, igual ca no exemplo resolto, as diferentes frases que compoñen estas oracións.


- Xaquín estivo onte en Lugo.

$$\frac{\text{Xaquín}}{\text{fn}} \quad \text{estivo} \quad \frac{\text{onte}}{\text{fadv}} \quad \frac{\text{en Lugo}}{\text{fprep}}$$

$$\text{fv}$$

- A miña bicicleta é moi vella.
 - Onte atopamos unhas chaves no parque.
 - Comenteillo onte durante o partido.
 - Esa novela policial debe ser moi entretida.
 - O irmán de Henrique enfermou.
- 2. Analiza a estrutura destas frases seguindo o modelo.

*esta muller - bastante fácil - para o neno
vou cantar - o xersei vermello
axiña - agás Uxía - ollo de vidro*



- 3. Localiza na lectura das páxinas 30-31 cinco exemplos de frases nominais que teñan diferentes tipos de determinantes e de modificadores.
- Analiza cada unha delas como na actividade anterior.
 - Contrastade en pequenos grupos as vosas respostas. Corrixide o que sexa preciso.
- 4. Transforma estas oracións conforme á actitude do falante que se che pide. Explica as transformacións que realizaches.
- Laura regresou tarde. (Enunciativa)
 \hookrightarrow (Interrogativa)
 - Oxalá chegedes a tempo. (Desiderativa)
 \hookrightarrow (Imperativa)
 - Se cadra, chove mañá. (Dubitativa)
 \hookrightarrow (Desiderativa)
 - O concerto xa rematou. (Enunciativa)
 \hookrightarrow (Exclamativa)
 - Ela volve esta semana. (Enunciativa)
 \hookrightarrow (Dubitativa)
 - Pechade esa porta! (Exclamativa)
 \hookrightarrow (Enunciativa)

- 5. Clasifica estas oracións segundo a natureza do predicado. Faino marcando un X nos lugares axeitados da táboa que che presentamos.

- A. Meu avó pescou unha chea de luras.
- B. Xoán e Mario ódíanse a morte.
- C. Ti serás o noso novo adestrador.
- D. Os nenos berran moito na túa clase.
- E. O incendio foi apagado polos bombeiros.
- F. Eu agocheime detrás da porta da cociña.
- G. Protestaron diante da Casa do Concello.

ORACIÓN	ATRIBUTIVA	PREDICATIVA	ACTIVA	PASIVA	TRANSITIVA	INTRANSITIVA
A
....

- 6. Completa estas oracións de xeito que crees en cada caso unha atributiva caracterizadora e unha atributiva identificadora.
- A miña mellor amiga é... { (caract.)
..... (identif.)
 - O novo adestrador será... { (caract.)
..... (identif.)
 - Os meus padriños son... { (caract.)
..... (identif.)
- Explica despois como podemos distinguir unhas doutras.
- 7. Exemplifica a diferenza entre oracións transitivas e intransitivas mediante catro exemplos de cada tipo.
- En parellas, contrastade e revisade as vosas respostas.
- 8. Clasifica estas oracións segundo a presenza ou ausencia do suxeito. Sigue o modelo.
- Teño unha fame doente.
 \hookrightarrow *Con suxeito: suxeito elíptico (eu)*
 - Castelao escribiu *Sempre en Galiza*.
 - Esta mañá vai un frío do demo.
 - Cómesese moi ben neste restaurante.
 - Choveu a cachón toda a noite.
 - Hai poucas mazás na cociña.
 - O luns iremos con Xurxo ao teatro.

COMENTARIO DE TEXTO

Podemos estar seguros de que existe efectivamente unha variedade de inglés denominada *Black English* nos Estados Unidos. Os que a falan recoñecen que o que falan é diferente das variedades empregadas pola maior parte das persoas que non son de raza negra. [...]

Está moi estendido nos Estados Unidos un concepto equivocado do *Black English*, tanto con respecto ás súas características como á forma en que se emprega. Este concepto equivocado tivo unha serie de consecuencias desafortunadas. Moitos educadores consideraron as diferentes características distintivas do *Black English* como deficiencias: os negros tiñan unha capacidade lingüística limitada porque a súa lingua carecía de certos trazos do estándar, e a consecuencia desa **deficiencia** era unha deficiencia cogniti-
10 va. Por exemplo, Berietter e Engelmann afirman que eses nenos amosan «unha total incapacidade para usar a lingua como un mecanismo para a adquisición e procesamento da información. A lingua é para eles difícil de manexar e non moi útil». [...]

Labov e outros criticaron estas teorías con **severidade**, ao considerar que terxiversan totalmente as habilidades lingüísticas dos nenos negros. Estes nenos falan unha variedade de inglés diferente do estándar preferido polos educadores, pero non deficiente ou falta de sistematicidade. De feito, esta variedade é
15 sistemática en si mesma e relaciónase ao mesmo tempo de forma sistemática co estándar. Aínda máis, os nenos negros viven nunha cultura verbal rica na que a habilidade lingüística se valora moito e na que as oportunidades para competir en **destreza** verbal son numerosas. É absurdo asumir que eses nenos non saben afirmar, negar, clasificar ou pensar de forma lóxica porque obteñen resultados pobres ao ser sometidos a certas probas nunha situación extremadamente cohibidora. Estes nenos teñen que empregar a lin-
20 gua todo o tempo para poder desenvolverse, e un test xusto da súa habilidade lingüística demostra que posúen unha capacidade **similar** á doutros nenos. Ademais, os nenos negros teñen un **repertorio** moi rico de xogos verbais (por exemplo *sounding, singing, toasts, rifting, louding* etc.) que os estimulan a desenvolver as súas destrezas verbais. Dicar que eses nenos necesitan unha «educación compensatoria» por
25 mor da súa carencia de capacidade lingüística é unha interpretación totalmente errónea dos feitos.

Ronald Wardhaugh, *Introducción á Sociolingüística*

COMPRESIÓN DO TEXTO

- 1 Escribe, nunhas oito ou dez liñas, un resumo do texto.

EXPRESIÓN E COMENTARIO CRÍTICO

- 2 Indica que fragmento do texto che parece máis interesante.
— Escribe un breve comentario xustificando a túa elección.

REFLEXIÓN LINGÜÍSTICA

- 3 Identifica o timbre das vogais tónicas destacadas nestas voces.
recoñecen (l. 2) - *non* (l. 3) - *exemplo* (l. 10) - *pobres* (l. 19) - *demostra* (l. 21)
- 4 Localiza no texto a presenza de catro sufixos diferentes que permiten crear, por derivación, substantivos abstractos.
- 5 Forma o plural destes substantivos e adxectivos do texto.
estándar (l. 9) - *difícil* (l. 12) - *útil* (l. 12) - *verbal* (l. 17) - *test* (l. 21)
- 6 Define estas palabras.
cognitiva (l. 9-10) - *terxiversar* (l. 13) - *cohibidora* (l. 20) - *compensatoria* (l. 24)
- 7 Achega cando menos un sinónimo das voces destacadas no texto.
- 8 Tira do texto un exemplo de oración atributiva e outro de oración predicativa.
— Señala tamén un exemplo de suxeito explícito e outro de suxeito elíptico.

Fonética

- 1. Le estas regras.

Regra A: Os substantivos rematados en **-el** (e os seus plurais) adoitan presentar a vogal tónica media aberta [ɛ].

papel [ɛ] - *papeis* [ɛ]

Regra B: Os substantivos rematados en **-ol** (e os seus plurais) adoitan presentar a vogal tónica media aberta [ɔ].

caracol [ɔ] - *caracois* [ɔ]

- Crea listaxes de palabras que se axusten a estas regras.

Coma «papel»: *albanel, mel...*

Coma «caracol»: *farol, sol...*

- Escribe oracións combinando as voces anteriores (en singular ou plural) e despois leas ben en voz alta.

Morfoloxía

- 2. Completa os ocós destas oracións coas terminacións **-zo/za** ou **-cio/cia** segundo conveña.

- O construtor considera unha *inxusti*.... que non lle dean *licen*.... para levantar aquí un *edifi*.... de vinte andares.
- Atopei unha *diferen*.... de *pre*.... moi grande nese ordenador segundo os *comer*....
- Un *ter*.... do *espa*.... do novo *pala*.... do sultán estará dedicado ás súas *estan*.... persoais.
- Abel é un *ne*.... : na nosa *presen*.... sempre actúa cun aire de *despre*.... e *indiferen*....
- Os avogados fixeron o *anun*.... de que, tras o *xuí*...., non apelarán a *senten*.... de *divor*....

- 3. Indica, coma no exemplo, a persoa, tempo e modo das seguintes formas verbais.

puiden → P1, pret. de ind. (de «poder»)

es → *vimos* →

saiban → *puxen* →

quixesen → *has* →

caiba → *fósedes* →

forades → *souben* →

sexan → *vían* →

dou → *estemos* →

- Escribe oracións nas que introduzas, combinadas, algunhas das formas verbais anteriores.

Sintaxe

- 4. Sitúa en cada oco das oracións a contracción conveniente da seguinte serie.

*cadanseu - dalgunhas - estoutro
daqueloutros - cadansúas - noutra*

- Despois horas, por fin houbo acordo.
- Quero algúns pasteis destes e tamén.
- Iria e Carme marcaron gol no partido.
- Aquel libro xa o lín e vouno ler agora.
- As dúas opcións teñen vantaxes.
- Manuel antes vivía zona da cidade.

- 5. Explica as diferenzas de significado entre cada par de verbos (pronominal / non-pronominal) e escribe oracións que as exemplifiquen.

acordar / acordarse

brindar / brindarse

confesar / confesarse

ir / irse

manifestar / manifestarse

volver / volverse

	SIGNIFICADO	ORACIÓN
ACORDAR
ACORDARSE

Léxico

- 6. Substitúe en cada oración a voz **poñer** polo verbo desta serie que mellor precise o seu significado.

*instalar - conectar - chamar
enviar - pousar - vestir*

- Despois de secalos, podes **poñer** os pratos sobre a mesa.
- Para a festa, vou **poñer** a nova saia azul.
- Este non é un bo lugar para **poñer** a tenda de campaña.
- Ao neno vanlle **poñer** Roi, segundo oín.
- Antes adoitaba **poñer** telegramas; agora uso o correo electrónico.
- Por favor, podes **poñer** a radio? Quería escoitar as noticias.

- 7. Substitúe os círculos de cor polas vogais adecuadas e forma verbos do ámbito da navegación. Despois asocia cada un co seu significado.

●z●r - v●g●r - ●rr●●r - f●nd●●r
 ●dr●z●r - c●●r - ●sc●●r - ●rz●r

- A. Soltar un cabo e o que este suxeita. →
- B. Elevar algo mediante un cabo. →
- C. Mover a embarcación co impulso dos remos. →
- D. Remar para atrás, en dirección contraria ao avance. →
- E. Inclinar a embarcación cara a un dos seus lados. →
- F. Poñer dereita a embarcación, facer que perda a súa inclinación. →
- G. Navegar a embarcación coa proa en dirección ao vento. →
- H. Deixar fixa a embarcación na auga por medio de áncoras. →

- 8. Relaciona os sinónimos destas dúas series.

<i>aflición - sensatez</i>	<i>tolemia - fachenda</i>
<i>horror - calma</i>	<i>mágoa - abraio</i>
<i>vaidade - asombro</i>	<i>carraxe - arrepío</i>
<i>rabia - loucura</i>	<i>acougo - xuízo</i>

- 9. Identifica as expresións galegas que cómpre usar en lugar destas incorrectas.

Incorrecto

- A. Ver os touros desde a barreira.
- B. Arrimar a ascua á súa sardiña.
- C. Ser coser e cantar.
- D. Non deixar títere con cabeza.
- E. Seguir nos seus trece.
- F. Non se enterar de nada.

Correcto

- Non ver a boia.
- Non baixar da burra.
- Ver os lobos pasada a serra.
- Non ter espiñas nin ósos.
- Non deixar torre en pé.
- Levar a auga para o seu muíño.
- En grupos, escribide un texto no que introduzades as expresións correctas anteriores.

Ortografía

- 10. Copia este texto poñendo nos ocos «b» ou «v» segundo corresponda.

Hoxein o home in....isi....le.en,er o que se dier non. Máisen intuíno. Dentro do coche aquel que esta....a parado no semáforo, no carril do lado. O automó....il acendido, o semáforoermello e oehículo aparentementealeiro esperandooar cando a luceciñaerde se ilumínase.

Eou....os contar un segredo, ssshhh... Home In....isi....le (que así se chama) decatouse de que o intuía, entón para que non pensase eu que estou medio tola, decidiu facerseisi....le por un momento e apareceu coma se saíse deuscar algo do chan, sentouseen dereito no asento, miroume, díxome «ciao» cun sorriso e marchou.

Se algún día o atopades por aí, dádlle saúdos meus. Agora xa non penso que estou tola por crer no que nonexo.

<http://mer-falamos.blogspot.com> (adaptación)

- 11. Explica a diferenza de significado entre estas series de palabras.

habano - abano

ai! - hai - aí

hule - ule

- 12. Reescribe estas oracións elixindo a opción, con «n» ou con «ñ», que consideres correcta.

- A miña *madrina / madriña* regaloume un reloxo.
- Eva é unha experta en fauna *marina / mariña*.
- Metéuseme unha *pestana / pestaña* nun ollo.
- Din que un *submarino / submariño* nuclear ruso tivo un accidente.
- Destruíron a fortaleza con *canóns / cañóns*.
- Alí vimos aguias, gabiáns e outras aves de *rapina / rapiña*.
- Polos cadros que Aquilino ten no salón, vese que vén dunha familia de nobre *linaxe / liñaxe*.

- 13. Cambia o símbolo ● por «s» ou «x» segundo conveña.

o●í●eno corni●a e●polio e●tenso
 e●tran●eiro e●traño ●ordo e●i●ir
 en●alzar e●tender gra●a e●cusa

- Crea oracións combinando palabras anteriores.

9. ★☆☆ Indica a función sintáctica que exercen na oración as partes subliñadas. Razona a túa resposta baseándote nas características estudadas na unidade. 🎓

- Eu xa non confío en ti.
 - Esta mañá xoguei ao xadrez con Cristina.
 - Aquel paxaro parece un reiseñor.
 - Envieiche un paquete por correo urxente.
 - A min gústanme as mazás.
 - Aquí agora admiten a calquera.
 - A vós direivos toda a verdade.
 - Os rapaces quedaron moi intranquilos.
- En parellas, contrastade e corríxide as vosas respostas.

10. ★☆☆ Identifica, tendo en conta as regras de concordancia entre suxeito (S) e predicado (P), a oración correcta en cada caso. 🎓

- A maioría dos entrevistados *falaron* dese problema. / A maioría dos entrevistados *falou* dese problema.
- *Presentouse* na casa do alcalde a filla e mais o neto. / *Presentáronse* na casa do alcalde a filla e mais o neto.
- A maior parte dos nenos *parece* cansa. / A maior parte dos nenos *parecen* cansos.
- A cuarta parte dos asistentes *decidiron* non votar. / A cuarta parte dos asistentes *decidiu* non votar.
- Xoán e un amigo seu *resultou* ferido no accidente. / Xoán e un amigo seu *resultaron* feridos no accidente.
- Unha ducia de sardiñas non *chegan*. / Unha ducia de sardiñas non *chega*.

11. ★☆☆ Escribe dous exemplos de oracións con suxeito elíptico, dous de oracións unipersoais e outros dous de oracións impersoais. 🎓

- Explica despois a diferenza que hai entre estes tres tipos de oracións.

12. ★☆☆ Completa estas oracións coa preposición a só se os obxectos directos (OD) a precisan. Xustifica a túa elección. 🎓

- Eles convidaron á festa Paulo.
- O teu discurso molestou os convidados.
- Aquela película de Drácula asustounos todos.
- Onte venceron os brasileiros os alemáns.
- Atopei un compañeiro de clase na praia.
- Un mosquito picouna ela no brazo.

13. ★☆☆ Identifica cal das frases destacadas en cada par é complemento de réxime (CR). Indica tamén a función das frases restantes.

- Esa canción é ben coñecida **por Roi**. / Agardei **por Roi** dúas horas.
- Coidade **do neno**. / O can **do neno** escapou.
- O ladrón tirou **co coitelo** no chan. / Cortei o queixo **co coitelo**.
- O construtor preguntou **polas vosas leiras**. / O tractor pasou **polas vosas leiras**.
- Conta **coas amigas** para iso. / Irei á praia **coas amigas**.

14. ★☆☆ Localiza e clasifica todos os complementos circunstanciais (CC) que hai nestas oracións. 🎓

- Sempre fai o traballo coidadosamente.
- Elas estiveron connosco o venres.
- Divertímonos moito en Portonovo.
- Iso non podemos decidilo ao chou.
- Subliñade con lapis as palabras descoñecidas.
- Estudaron arreo durante toda a semana.

15. ★☆☆ Sinala os atributos (ATR) ou predicativos (PVO) que hai nestas oracións. Explica como os identificaches. 🎓

- As nosas propostas resultaron satisfactorias.
- Aquel home semella meu avó.
- O elefante é un paquidermo.
- A máquina quedou estragada.
- A porta da casa estaba fechada.
- Elas chegaron avergoñadas.

16. ★☆☆ Crea oracións simples nas que introduzas estas frases exercendo as seguintes funcións sintácticas: OD, CR, OI, CC, ATR, PVO, AX. 🎓

lle - de fútbol - polo avogado - cun martelo holandés
- tristes - unha película antiga

FRASE	TIPO DE FRASE	ORACIÓN	FUNCIÓN DE FRASE
lle	fn	Deille as grazas.	...
...

17. ★☆☆ Analiza morfosintacticamente, en forma arbórea, estas oracións. 🎓

- O neno quedou durmido coa nai no sofá.
- Ao avó sempre lle gustou moito a tortilla de patacas.

SÍNTESE E AVALIACIÓN

- 4 Redacta un texto, de tema libre, que estea composto por dous ou tres parágrafos.

— Cada un deles debe axustarse ben a unha das tipoloxías estudadas.

- 5 Define *morfosintaxe* e indica, nun esquema con exemplos, cales son as unidades morfosintácticas.

— En parellas, contrastade e corríxide as vosas respostas.

TIPOS DE FRASES

Frase nominal (fn) → O seu núcleo é un substantivo (*ese can*), que pode ter tamén determinantes e modificadores.

Frase adxectiva (fadx) → O seu núcleo é un adxectivo (*moi triste*). Pode ter modificadores.

Frase verbal (fv) → O seu núcleo é un verbo (*chove moito*). É indispensable en calquera oración.

Frase adverbial (fadv) → O seu núcleo é un adverbio (*moi lonxe*). Pode ter modificadores.

Frase preposicional (fprep) → Formada por un relator (unha preposición) e un termo.

- 6 Identifica que tipo de frases son as destacadas neste texto.

*Ao longo de toda a Idade Media aparece mencionada a localidade **de Laias** en documentos relacionados coas súas augas termais ou cun dos pasos **máis importantes** do río Miño: **a barca de Barbantes**.*

***Moi preto** desta poboación **está** o castro de San Cibrao das Lás, e na propia parroquia atópase o xacemento arqueolóxico da Cova da Moura e do Castelo.*

— Analiza graficamente a estrutura de cada frase destacada.

— En grupos, contrastade e revisade as vosas respostas.

- 7 A partir do gráfico da páxina 44, crea un esquema no que definas os tipos de oración segundo a natureza do predicado.

— Introduce, como exemplos, estas oracións no lugar adecuado do esquema.

A noticia foi publicada polos xornais.

Durmín mal toda a noite.

Eses turistas parecen alemáns.

Nós agora residimos en Lugo.

Ana e Claudia atopáronse á saída.

Miña irmá aprobou as oposicións.

Xaquín afeitouse para a cea.

Eva atopou un reloxo na praia.

— En parellas, comparade e revisade os vosos esquemas.

ORACIÓNS SEN SUXEITO

Impersoais

Con verbos en P3 e pronome átono *se* como marca de impersonalidade.

Estase ben aquí.

Unipersoais

Con verbos en P3 referidos a verbos meteorolóxicos.

Nevou todo o día.


Con verbos como *facen*, *haber*, *ser* ou *ir* en P3.

Fixo xa un ano diso.

- 8 Transforma as seguintes oracións pasivas segundo este esquema: *pasiva perifrástica* → *pasiva reflexa*, *pasiva reflexa* → *pasiva perifrástica*.

- A casa foi reparada onte.
- Ese viño considérase un dos mellores de Galicia.
- Os exercicios serán entregados mañá.
- Aínda non se fixo a comida.
- Discutíronse temas moi importantes.
- Axiña foron vendidas todas as entradas.


3



■ *Anoitece* e *O sol ponse no horizonte* son oracións simples.

A oración simple

A **oración simple** é aquela que esixe a presenza dunha **única frase verbal** (fv), que constitúe o seu predicado.



Ademais da función sintáctica de predicado, de presenza obrigada, na oración simple poden aparecer moitas outras *funcións sintácticas*.

Funcións sintácticas da oración simple

Na oración simple, todas as funcións sintácticas están desempeñadas polas unidades de rango inmediatamente inferior, as frases. Estas funcións sintácticas son: *predicado*, *suxeito*, *obxecto directo*, *complemento de réxime*, *obxecto indirecto*, *complemento circunstancial*, *atributo*, *complemento predicativo* e *complemento axente*.

Predicado

É a única función esixible en todas as oracións, xa que sen el non habería *predicación*; é dicir, a través del atribúese unha calidade, enúnciase unha actividade, exprésase un xuízo...


- **Constituíntes.** O predicado está constituído por unha **frase verbal** que ten como núcleo un verbo en forma simple (*O concerto rematou*) ou perifrástica (*O alcalde vai dimitir*).
- **Recoñecemento.** É a única función que ten como constituínte directo un verbo en forma persoal.

Como vimos na unidade anterior, hai dous tipos de predicado segundo o verbo que se utilice: o **predicado nominal** (oracións atributivas) e o **predicado verbal** (oracións predicativas).

Suxeito

En xeral podemos caracterizar o suxeito como o *elemento sobre o que se predica algo*; é dicir, ao que lle atribuímos unha calidade, o que desenvolve unha acción...

- **Constituíntes.** O suxeito da oración simple está constituído sempre por unha **frase nominal**, a cal ten como núcleo un substantivo (*O tren chegou*), un pronome (*Él es o gañador*) ou outra clase de palabra substantivada (*Fumar prexudica a saúde*).
- **Recoñecemento.** Entre o núcleo do suxeito e o do predicado establécese unha relación de **concordancia** de número e persoa.



Aínda que a maioría das estruturas oracionais contan con suxeito, algunhas oracións carecen del. Cómpre lembrar as **oracións unipersoais** e as **oracións impersoais** vistas na unidade anterior.

REPARA

Casos especiais de concordancia

- Cando a frase que funciona como suxeito é composta, a concordancia faise en plural: *Luis, Eva e Ana chegaron tarde*.

Non obstante, cando o suxeito composto vai despois do verbo pode concordar, ben en plural, ben en singular co primeiro membro: *Chegaron tarde Luis, Eva e Ana.* / *Chegou tarde Luis, Eva e Ana.*

- Cando o suxeito expresa un sentido partitivo (*a metade de...; a maioría de...*), aconséllase manter a concordancia en singular co cuantificador (*metade, maioría...*): *A metade dos presentes preferiu marchar.*

Exceptúanse as oracións copulativas, pois nelas a calidade ou estado atribúese a cada un dos individuos (non a unha totalidade): *A metade dos presentes son mulleres.*

Obxecto directo

É o elemento sobre o que recae directamente a acción verbal. O obxecto directo é esixido (ou admitido) polos verbos transitivos: *El trouxo peixe* (OD esixido); *Eu pinto un cadro* (OD admitido).

- **Constituíntes.** O obxecto directo da oración simple é normalmente unha **frase nominal**, a cal ten como núcleo un substantivo (*Eu comprei mazás*) ou un pronome átono (*Convidámosvos á festa*). Tamén pode estar formado por unha **frase preposicional** coa preposición *a* (*Chamei a María por teléfono*).
- **Recoñecemento.** Basicamente podemos identificar esta función mediante a substitución pronominal ou o cambio a pasiva.
Substitución pronominal (pronomes átonos de OD *o / a / os / as, lo / la / los / las, no / na / nos / nas*):

Xosé acendeu o ordenador. → *Xosé acendeuno.*
OD OD

Transformación en pasiva (o obxecto directo da oración activa pasa a suxeito da oración pasiva):

Eu fixen o almorzo. → *O almorzo foi feito por min.*
OD S

Complemento de réxime (ou suplemento)

É unha función próxima ao obxecto directo, xa que segue a ser o elemento sobre o que recae a actividade aludida polo verbo. A diferenza esencial, como vemos deseguido, son os seus constituíntes.

- **Constituíntes.** O complemento de réxime está formado sempre por unha **frase preposicional** (*Eu dependo de meus pais*). A preposición é esixida polo verbo: *depende (de)*, *falar (de)*, *pensar (en)*, *confiar (en)*, *contar (con)*, *optar (por)*...
- **Recoñecemento.** Non é substituíble por pronomes átonos de OD, senón por pronomes persoais tónicos ou polo pronome neutro *iso*:

Falaba de Xoán e César. → *Falaba deles.*
CR CR

Penso no teu problema. → *Penso niso.*
CR CR

Obxecto indirecto

É o elemento ao que se lle transfere o obxecto directo; ou sexa, é o destinatario da relación S+v+OD: *El entregoulle as chaves a Carme*.

- **Constituíntes.** Adoita estar formado por unha **frase nominal** cuxo núcleo é un pronome átono de OI (*me, che, lle / nos, vos, lles*) e/ou por unha **frase preposicional** introducida pola preposición *a*.
- **Recoñecemento.** O obxecto indirecto ten uns pronomes persoais átonos específicos (*che, lle, lles*) e na transformación en pasiva permanece invariable.

Xosé pedíu~~me~~ un euro. → *Un euro foime~~me~~ pedido por Xosé.*
OI OI

REPARA

Os **obxectos directos** introducidos pola preposición **a** son **excepcionais** en galego.

Como regra xeral, precisan esta preposición os OD:

- Formados por pronome persoal ou por outros pronomes como *todos, calquera*...

Vino a el na rúa.

Convidades a calquera.

- Formados por nomes de parentesco.

Saudei a teu pai.

- Formados por nomes propios.

Atopei a Xurxo no cine.

- Que poden ser confundidos co suxeito (evitando así ambigüidades).

Matou un león a un elefante.

Son **incorrectas**, daquela, oracións como:

Alí atopei a moita xente.

Fun visitar a uns amigos.

No seu lugar debemos dicir:

Alí atopei moita xente.

Fun visitar uns amigos.

REPARA

É frecuente que o **obxecto indirecto** apareza **redobrado**: fn (*lle, che...*) + fprep (*a ninguén, a ti...*):

Non lle digas iso a ninguén.

Dareiche as chaves a ti.

ESTUDO DA LINGUA

REPARA

Existe unha ampla variedade de complementos circunstanciais:

CCL (de lugar): *El vive en Vigo.* / **CCT** (de tempo): *Os comercios abren ás nove.* / **CCM** (de modo): *Fixen ben o exame.* / **CCC** (de cantidade): *Choveu moito.* / **CCI** (de instrumento): *Cortei o papel coas tesoiras.* / **CCCOM** (de compañía): *Fun á praia cunhas amigas.* / **CCNEG** (de negación): *Eu non te creo...*

Complemento circunstancial

Son os complementos que indican as circunstancias (lugar, tempo, modo, compañía...) en que se dá a acción ou proceso verbal.

- **Constituíntes.** Pode estar formado por unha **frase nominal** (*Volverei o luns* → CCT), por unha **frase adverbial** (*Xoán durmiu mal* → CCM) ou por unha **frase preposicional** (*Entreí pola fiestra* → CCL).
- **Recoñecemento.** En lugar de seren substituíbles por pronomes, poden conmutarse por adverbios.

Esa escritora naceu nesta cidade. → *Esa escritora naceu aquí.*
CCL CCL

Atributo

Completa a significación do suxeito atribuíndolle unha calidade, unha identidade, unha propiedade... *Clara é avogada.*

- **Constituíntes.** Pode estar constituído por unha **frase nominal** (*Esa señora é a miña tía*), por unha **frase adxectiva** (*Esta igrexa é prerrománica*), por unha **frase adverbial** (*O neno está ben*) ou por unha **frase preposicional** (*Eu son de Lalín*).
- **Recoñecemento.** É de presenza obrigada cos verbos copulativos (*ser, estar, parecer* ou *semellar*), concorda sempre co suxeito en xénero e número e admite a substitución pronominal.

A nena está contenta. → *A nena estao.*
ATR ATR

Complemento predicativo

Esta función complementa á vez o suxeito (como o atributo) e o verbo (como o complemento circunstancial).

Os barcos seguen amarrados.
S v PVO

- **Constituíntes.** Pode ser unha **frase adxectiva** (*Eles chegaron moi nerviosos*) ou unha **frase preposicional** (*Ana traballa de mestra*).
- **Recoñecemento.** Acompaña verbos non-copulativos (como *chegar, encontrarse, quedar, seguir...*), concorda en xénero e número co substantivo ao que se refire e non admite substitución pronominal.

A muller mira absorta o xardín. → *A muller ~~mira~~ míraa o xardín.*
PVO PVO

Complemento axente

É unha función exclusiva da voz pasiva. O axente é quen realiza a acción verbal nestes casos: *A nova piscina foi inaugurada polo alcalde.*

- **Constituíntes.** Está sempre formado por unha **frase preposicional**, normalmente introducida pola preposición *por*.
- **Recoñecemento.** Na conversión de pasiva a activa, o complemento axente pasa a ser suxeito.

O ladrón foi detido pola policía. → *A policía detivo o ladrón.*
AX S

REPARA

Nalgunhas ocasións o predicativo, ademais de complementar o verbo, complementa e concorda co obxecto directo (e non co suxeito). Por exemplo:

Eles deixaron as motos acesas.
v OD PVO

A análise morfosintáctica


Á hora de analizar morfosintacticamente unha oración, xa sexa simple ou composta, existen **distintos modelos gráficos posibles** (en caixas, arbóreo...). Nós propoñemos o seguinte:

Imaxinemos que queremos analizar esta oración simple.

Unha rapaza alemá preguntou por ti durante a cea.


- O primeiro é **localizar o verbo**: neste caso é *preguntou*. A partir del podemos recoñecer as funcións básicas (as que se representarán nun primeiro nivel): *predicado* e *suxeito* (se o hai).
- Atendendo os trazos (constituíntes e recoñecemento) que acabamos de estudar, **identificamos o predicado** (a *fv* *preguntou por ti durante a cea*) e **o suxeito** (a *fn* *Unha rapaza alemá*). Estas son as funcións e os constituíntes iniciais da oración.
- Xa podemos **comezar a análise gráfica**. Emprega as abreviaturas que che propoñemos, mantendo as minúsculas para as categorías gramaticais e as maiúsculas para as funcións.

Unha rapaza alemá preguntou por ti durante a cea.



- Deseguido, **distinguímos as funcións** que se desenvolven nestas frases e **as categorías** que as constitúen. Por exemplo, na **fn suxeito**: DET (art → *unha*), N (subs → *rapaza*), MOD (fadx → *alemá*); e na **fv predicado**: N (v → *preguntou*), CR (fprep → *por ti*) e CCT (fprep → *durante a cea*).
- E **así ata completar** a análise, que quedaría como segue. Repara na alternancia de niveis de categoría e función .

Unha rapaza alemá preguntou por ti durante a cea.



unha rapaza alemá preguntou por ti durante a cea

REPARA

Neste libro atoparás numerosas **siglas e abreviaturas** propias das análises **morfosintácticas**. Aquí tes o seu significado.

Categorías (minúsculas)

- o** → oración
- subs** → substantivo
- p** → pronome persoal (**pdem** → pron. demostrativo; **ppos** → pron. posesivo; **pcuan** → pron. cuantificador; **pid** → pron. identificador; **pint** → pron. interrogativo; **pex** → pron. exclamativo).
- rel** → pronome e adverbio relativo
- art** → artigo
- adx** → adxectivo
- v** → verbo
- adv** → adverbio
- prep** → preposición
- conx** → conxunción
- fn** → frase nominal
- fadx** → frase adxectiva
- fv** → frase verbal
- fadv** → frase adverbial
- fprep** → frase preposicional

Funcións (maiusculas)

- DET** → determinante
- N** → núcleo
- MOD** → modificador
- R** → relator
- T** → termo
- S** → suxeito
- P** → predicado
- OD** → obxecto directo
- OI** → obxecto indirecto
- CC** → complemento circunstancial
- CR** → complemento de réxime
- ATR** → atributo
- PVO** → complemento predicativo
- AX** → complemento axente
- E** → enlace (coordinante ou subordinante)

1. Indica a función sintáctica que exercen na oración as partes subliñadas. Razona a túa resposta baseándote nas características estudadas na unidade.

- Eu xa non confío en ti.
 - Esta mañá xoguei ao xadrez con Cristina.
 - Aquel paxaro parece un reiseñor.
 - Envieiche un paquete por correo urxente.
 - A min gústanme as mazás.
 - Aquí agora admiten a calquera.
 - A vós direivos toda a verdade.
 - Os rapáces quedaron moi intranquilos.
- En parellas, contrastade e corríxide as vosas respostas.

2. Identifica, tendo en conta as regras de concordancia entre suxeito (S) e predicado (P), a oración correcta en cada caso.



INCORRECTO

- A maioría dos entrevistados *falaron* dese problema. / A maioría dos entrevistados *falou* dese problema.
- *Presentouse* na casa do alcalde a filla e mais o neto. / *Presentáronse* na casa do alcalde a filla e mais o neto.
- A maior parte dos nenos *parece* cansa. / A maior parte dos nenos *parecen* cansos.
- A cuarta parte dos asistentes *decidiron* non votar. / A cuarta parte dos asistentes *decidiu* non votar.
- Xoán e un amigo seu *resultou* ferido no accidente. / Xoán e un amigo seu *resultaron* feridos no accidente.
- Unha ducia de sardiñas non *chegan*. / Unha ducia de sardiñas non *chega*.

3. Escribe dous exemplos de oracións con suxeito elíptico, dous de oracións unipersoais e outros dous de oracións impersoais.

— Explica despois a diferenza que hai entre estes tres tipos de oracións.

4. Completa estas oracións coa preposición *a* só se os obxectos directos (OD) a precisan. Xustifica a túa elección.

- Eles convidaron á festa Paulo.
- O teu discurso molestou os convidados.
- Aquela película de Drácula asustounos todos.
- Onte venceron os brasileiros os alemáns.
- Atopei un compañeiro de clase na praia.
- Un mosquito picouna ela no brazo.

5. Identifica cal das frases destacadas en cada par é complemento de réxime (CR). Indica tamén a función das frases restantes.

- Esa canción é ben coñecida **por Roi**. / **Agardei por Roi** dúas horas.
- Coidade **do neno**. / O can **do neno** escapou.
- O ladrón tirou **co coitelo** no chan. / Cortei o queixo **co coitelo**.
- O construtor preguntou **polas vosas leiras**. / O tractor pasou **polas vosas leiras**.
- Conta **coas amigas** para iso. / Irei á praia **coas amigas**.

6. Localiza e clasifica todos os complementos circunstanciais (CC) que hai nestas oracións.

- Sempre fai o traballo coidadosamente.
- Elas estiveron connosco o venres.
- Divertímonos moito en Portonovo.
- Iso non podemos decidilo ao chou.
- Subliñade con lapis as palabras descoñecidas.
- Estudaron arreo durante toda a semana.

7. Sinala os atributos (ATR) ou predicativos (PVO) que hai nestas oracións. Explica como os identificaches.

- As nosas propostas resultaron satisfactorias.
- Aquel home semella meu avó.
- O elefante é un paquidermo.
- A máquina quedou estragada.
- A porta da casa estaba fechada.
- Elas chegaron avergoñadas.

8. Crea oracións simples nas que introduzas estas frases exercendo as seguintes funcións sintácticas: OD, CR, OI, CC, ATR, PVO, AX.

lle - de fútbol - polo avogado - cun martelo holandés - tristes - unha película antiga

FRASE	TIPO DE FRASE	ORACIÓN	FUNCIÓN DA FRASE
lle	fn	Deille as grazas.
....

9. Analiza morfosintacticamente, en forma árborea, estas oracións.

- O neno quedou durmido coa nai no sofá.
- Ao avó sempre lle gustou moito a tortilla de patacas.

Literatura

Periodización da Literatura galega

1.- LITERATURA MEDIEVAL (XIII, XIV e XV)

1.1.- PERÍODO TROBADORESCO (1196-1350)
(Lírica galego- portuguesa)

1.2.- PERÍODO POSTROBADORESCO (1350- 1483)
(Escola galego- castelá)

2.- SÉCULOS ESCUROS (XVI, XVII e XVIII)

3.- LITERATURA CONTEMPORÁNEA (XIX e XX)

3.1.-REXURDIMENTO (1808- 1890)

-Etapa de transición (1808- 1833)

-Et. dos precursores /pre-rexurdimento (1834-1862)

-Etapa do Rexurdimento pleno (1863- 1888)

3.2.- DEPRESIÓN FINISECULAR (1889- 1915)

3.3.- 2º REXURDIMENTO ou ÉPOCA NÓS(1916-1936)

3.4.- LITERATURA DE POSGUERRA (1936- 1976)

-Silencio interior e exilio (1936- 1950 / 1976)

-Recuperación / Unha nova eclosión (1950- 1976)

3.5.- LITERATURA ACTUAL (a partir de 1976)

A literatura galega vive un primeiro momento de esplendor coincidente cunha situación de prosperidade económica e un alto grao de soberanía, entre finais do XII e mediados do XIV: Cantigas de amigo, Cantigas de amor, Cantigas de escarnio e maldicir, Cantigas de Santa María...

A partir de mediados do XIV a crise económica e a progresiva concentración de poder no reino de Castela dsencadean a decadencia da nosa literatura: prosa, Escola galego- castelá.

Etapa de decadencia, que coincide co proceso centralizador e a definitiva subordinación do noso país á coroa de Castela. O galego perde a condición de lingua literaria e só se conservan mostras illadas de poesía e teatro (Gabriel Feixoo, Vázquez de Neira, Gómez Tonei, Martín Torrado...) a carón da literatura popular e oral (contos, lendas...)

Na segunda metade do XVIII, os Ilustrados (Martín Sarmiento...) preparan o camiño do Rexurdimento.

O labor reivindicativo dos ilustrados comeza a dar os seus froitos no 1º tercio do XIX: aparece entón unha literatura propagandística de carácter político e patriótico. No 2º tercio do XIX sitúase a obra dos *precursores* e nace o galeguismo, movemento reivindicativo da identidade nacional que xoga un papel fundamental no renacemento cultural e literario do país. A partir de 1863 (*Cantares gallegos*) entramos no Rexurdimento propiamente dito. A poesía é o xénero hexemónico (Rosalía, Curros, Pondal...). Cara a finais do século aparecen as primeiras obras de prosa e teatro (Marcial Valladares, Lamas Carvajal, Francisco María de la Ilesia)

Etapa de decadencia literaria, sobre todo no plano cualitativo: Lópes Ferreiro, Galo Salinas, García Barros, Noriega Varela...

O movemento nacionalista iniciado coas *Irmandades da Fala* posibilita que a literatura galega viva unha nova etapa de esplendor, con importantes manifestacións nos ámbitos da poesía (Manuel Antonio, Amado Carballo) e da narrativa de ficción (Otero, Risco, Castelao...);consolidase e diversifícase a produción teatral (Dieste...) e aparece o ensaio en galego.

Despois dunha primeira fase na que o galego desaparece como lingua literaria e só se mantén vivo no exilio (Seoane, Blanco-Amor, Castelao...), a partir de finais dos 40 comeza unha lenta recuperación que se ve dificultada pola imposición do castelán como única lingua oficial.

-Narrativa: Cunqueiro, Fole, Blanco-Amor, Neira Vilas, Casares, Ferrín...

-Poesía: Cunqueiro, Pimentel, C.E. Ferreiro, Manuel María, Díaz Castro, Tovar, Novoneyra, B. Graña, Ferrín...

-Teatro: Cunqueiro, Marinhas del Valle, Carballo Calero...

O tránsito da Dictadura a un réxime de democracia parlamentaria e a descentralización do Estado favorecen un proceso lento de normalización cultural e lingüística.

Manuel Rivas, Suso de Toro, Xavier Alcalá, Freixanes, Pilar Pallarés, Fernán-Vello, Forcadela, Xavier Seoane...

Literatura galega do século XIX.

1. DEPRESIÓN FINISECULAR (1889-1915) / 2º REXURDIMENTO ou ÉPOCA NÓS(1916-1936)

- ✓ *A poesía das Irmandades da Fala. Características, autores e obras representativas.*
- ✓ *A poesía de vangarda. Características, autores e obras representativas.*
- ✓ *A prosa do primeiro terzo do XX: as Irmandades e o Grupo Nós (narrativa, ensaio e xornalismo).*
- ✓ *O teatro do primeiro terzo do XX: Irmandades, vangardas e Grupo Nós.*

2. LITERATURA DE POSGUERRA (1936- 1976)

-Silencio interior e exilio (1936- 1950 / 1976)

- ✓ *A literatura do exilio entre 1936 e 1976: poesía, prosa e teatro.*

-Recuperación / Unha nova eclosión (1950- 1976)

- ✓ *A poesía entre 1936 e 1976: a Xeración do 36, a Promoción de Enlace e a Xeración das Festas Minervais.*
- ✓ *A prosa entre 1936 e 1976: os renovadores da prosa (Fole, Blanco Amor, Cunqueiro e Neira Vilas).*
- ✓ *A Nova Narrativa Galega. Características, autores e obras representativas.*
- ✓ *O teatro galego entre 1936 e 1976: a Xeración dos 50 e o Grupo de Ribadavia.*

3. LITERATURA ACTUAL (a partir de 1976)

- ✓ *A poesía de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Poetas e tendencias actuais máis relevantes.*
- ✓ *A prosa de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Prosistas e tendencias actuais máis relevantes.*
- ✓ *O teatro de fins do XX e comezos do XXI. Temas e autores dos 80 e dos 90. Dramaturgos, tendencias e compañías actuais máis relevantes.*

GALIZA NA PREGUERRA (1900-1936)

Galiza coñeceu nas primeiras décadas do século XX un período de intensas transformacións que condicionarían decisivamente o futuro do país: no primeiro cuarto do século sitúase o punto de ruptura co pasado. Cómpre ter en conta que estamos nun período de grandes convulsións a nivel mundial: 1ª Guerra mundial, Revolución soviética, Crise do 29, ascenso dos fascismos, Guerra civil española...

Transformacións económicas e sociais

A Galiza de comezos do século XX era unha sociedade maioritariamente campesiña aferrollada ao pasado e vítima dunha situación que prolongaba as miserias económicas e que obrigaba ós seus fillos a emigrar. Porén, agromaron agora novos indicadores dun camiño de **modernización**, iniciado xa nos finais do século XIX, que tería continuidade ata a Guerra civil española.

Os síntomas de modernización económica manifestáronse nun progresivo **desmantelamento do sistema agrario tradicional** (redención de foros -en 1900 afectaban ó 90% da propiedade agraria do país-, innovacións agropecuarias, mercantilización do sector agrario e gandeiro) e un **esfuerzo industrializador** nos sectores pesqueiro, conserveiro e da construción naval.

Como consecuencia das transformacións económicas vivíuse un período de **cambio social**. Aumentou a poboación urbana nun 20%, emerxeu un campesiñado propietario, decaeu progresivamente a fidalguía rendista e consolidáronse novos grupos sociais no medio urbano: o **proletariado e a burguesía**. A transformación da sociedade pódese ver no seguinte cadro.

	Poboación activa			
	Poboación de residencia urbana	Sector primario	Industria	Servizos
1900	9,9%	85,9%	5,9%	8,1%
1930	13,5%	65,3%	14,7%	20%

Con todo, malia estes avances, Galiza nun puido deter a **emigración**: nas tres primeiras décadas do século emigran 300.000 persoas.

Feitos históricos

- 1905: Fundación da Real Academia Galega.
- 1909: Semana Tráxica de Barcelona. Conflitos agrarios con mortos en Oseira.
- 1914: Comeza a 1ª Guerra mundial.
- 1916: Fundación das Irmandades da Fala.
- 1917: Revolución soviética.
- 1920: Aparece o primeiro número da revista Nós.
- 1922: Mussolini; fascismo en Italia.
- 1923: Comeza a ditadura de Primo de Rivera. Fúndase o Seminario de Estudos Galegos.
- 1926: Aprobación do Real Decreto que establece a redención dos foros.
- 1929: Crise bursátil en USA.
- 1931: Proclámase a 2ª República. Fundación do Partido Galeguista.
- 1933: Hitler sube ao poder.
- 1936: Aprobación en referendo do Estatuto de Autonomía. Sublevación franquista. Guerra civil

Os conflitos agrarios

Entre os anos 1907 e 1923 produciuse un fenómeno social de dimensión destacada e grande orixinalidade: o **agrarismo**. O agrarismo foi un amplo e complexo movemento de masas que estimulou a conciencia política do campesiñado e supuxo a mobilización política deste grupo social, así como a súa organización en diversas sociedades. A máis representativa foi a **Liga Agraria de Acción Galega**, dirixida por **Basilio Álvarez**, abade de Beiro (Ourense).

Os obxectivos básicos do agrarismo galego eran conseguir a redención ou a abolición dos foros e acabar co caciquismo. A loita agraria vivirá momentos de especial intensidade e virulencia. A represión policial causará varias vítimas mortais entre os campesiños nalgúns episodios trágicos, como os vividos en Oseira o 23 de abril de 1909. En 1926, por fin, durante a ditadura de Primo de Rivera, promúlgase a **Lei de redención de foros**, que vén marcar o final do agrarismo en Galiza.

Cambios culturais e artísticos en toda Europa

No primeiro terzo do século XX os **movementos artísticos de vangarda** percorreron toda Europa. A arte xa non imitaba a natureza senón que pretendía crear ela mesma unha nova realidade. O subconsciente e o mundo dos soños convértese en materia artística. As vangardas rexeitaron a concepción clásica da arte como imitación da realidade, buscaron novas formas de expresión artística e defenderon a liberdade creadora do artista.

O nacionalismo

Un dos trazos máis significativos deste período histórico foi o agromar do **nacionalismo**, despois de que o movemento galeguista superase as dúas etapas precedentes: **provincialismo** (1840-1885) e **rexionalismo** (1885-1915).

O ambiente de efervescencia social que supuxo o agrarismo serviu de fondo á creación en 1916 das **Irmandades da Fala**, promovidas por **Antón Vilar Ponte**. A primeira *Irmandade* creouse na Coruña nese mesmo ano e a ela seguirían a de Santiago e as doutras vilas e cidades. Como órgano de expresión das Irmandades lanzouse o semanario *A Nosa Terra*, tamén en 1916.

As Irmandades foron esencialmente un **movemento político**: superaron o rexionalismo do século anterior e definiron Galiza como unha nación; isto é: un país con lingua, territorio, historia, institucións e cultura de seu. As teses do nacionalismo desta época foron formuladas por Antón Vilar Ponte nunha serie de artigos xornalísticos reunidos despois baixo o título *Doutrina nacionalista: a nosa afirmación nacional* (1916) e por Vicente Risco no seu libro *Teoría do nacionalismo galego* (1920).

Nas Irmandades confluíron rexionalistas e republicanos, homes procedentes do agrarismo e as novas xeracións de galeguistas. Cómpre citar ós irmáns Villar Ponte, Cabanillas, Viqueira, Losada Diéguez, Lúgrís Freire, Peña Novo e Xaime Quintanilla. Os mozos que nas décadas seguintes alcanzarán un destacado protagonismo na vida cultural e política, como Castelao, Risco e Cuevillas, vinculáronse nestes anos ás Irmandades.

Ademais do labor político, as Irmandades desenvolveron un importante **traballo cultural**: promocionaron agrupacións artísticas de teatro, crearon editoriais e revistas, promoveron estudos lingüísticos sobre o galego e reclamaron a súa presenza no ensino, na administración

e en todas as ordes da vida. Con eles comeza a facerse habitual o uso do galego nos actos públicos e a lingua escrita coñece un novo pulo.

A liña política do nacionalismo defínese na *Asemblea de Lugo* (1918). Durante a ditadura de Primo de Rivera (1923-1929) imponse a liña culturalista, que trunfara na *Asemblea de Monforte* (1922) e xa na Segunda República (1931-1936) nace o Partido Galeguista, que supera o estado de fragmentación do nacionalismo. O Partido Galeguista elabora o Estatuto de Autonomía e vai conseguir a súa aprobación por unha abrumadora maioría.

Esta etapa de esplendor político e cultural e de relativa bonanza económica remata coa sublevación franquista e coa **Guerra Civil (1936-1939)**. Comeza entón a *longa noite de pedra*.

CUESTIÓNS

1. **Que cambios sociais e económicos se produciron neste momento en Galiza?**
2. **Quen era Basilio Álvarez? ¿A que movemento pertencía?**
3. **Que supuxo a creación das Irmandades para o galeguismo?**
4. **Por que este período recibe o nome de época Nós?**

Situación lingüística

No primeiro terzo do século XX, o número de falantes monolingües en galego segue a súa liña descendente debido ao **contexto diglósico**, que marcaba claramente o español como lingua de ascenso social. No entanto, este mesmo período de preguerra significou un salto cualitativo na situación do **galego culto**. Este sae do reducido ámbito da literatura (especialmente da lírica) para se proxectar, por primeira vez desde a Idade Media, a todas as facetas da vida. Comezou a recuperar así o seu **rango de lingua moderna e universal**.

A primeira data significativa é a de 1905, ano no que se funda a actual Real Academia Galega. A partir deste momento, é innegábel a vinculación entre a defensa da nosa lingua e o movemento nacionalista (Irmandades da Fala, Nós, Seminario de Estudos Galegos...). Nestas circunstancias, o galego:

-É obxecto de numerosos estudos: *Gramática do Idioma Galego* (1922) de Manuel Lugo Freire, *Algunhas normas pra unificación do idioma galego* (1933), da sección de Filoloxía do SEG...

-Gaña e difúndese en novos espazos literarios e culturais: ensaio científico e político, xornalismo, teatro, traducións...

-Comeza a ser empregado en todo tipo de actos públicos.

A culminación deste proceso sería o malogrado Estatuto de Autonomía de 1936. Nel contemplábase, entre outras cuestións, a cooficialidade entre galego e español, a introdución do galego no ensino e na administración, a potenciación xeral do seu uso...



A POESÍA DAS *IRMANDADES DA FALA*. CARACTERÍSTICAS, AUTORES E OBRAS REPRESENTATIVAS.

A poesía das *Irmandades da Fala*

A maioría dos estudosos coinciden en sinalar que, despois dos brillantes anos do Rexurdimento pleno (1863-1888), a nosa literatura sufriu un período de franca decadencia. Haberá que agardar aos anos das Irmandades da Fala -fundadas en 1916- e, sobre todo, da Xeración Nós para apreciar os primeiros avances firmes cara a novos horizontes literarios.

Nos primeiros anos do século XX, o xénero máis cultivado foi a poesía. Trátase dunha poesía de transición, na que atopamos moitos trazos continuadores da poesía do século XIX, pero na que tamén apreciamos elementos novidosos, que anuncian un cambio de actitude estética a través de dúas vías complementarias: o contacto con outras literaturas e a actualización dos temas.

A poesía desta época caracterízase por continuar o Romanticismo e o Realismo elementais, propios do século XIX. A lingua segue a ser dialectal e a temática esencialmente rural. Tendo en conta o grao de aceptación destes trazos e a atención que se presta á realidade social que se vivía en Galiza, podemos establecer dúas actitudes poéticas que nos permiten agrupar os poetas deste tempo:

- Unha actitude tradicional, representada por aqueles autores que seguen de preto a poesía do século XIX e que son reticentes ás innovacións e influencias da poesía que se fai noutros lugares. Xeralmente adoptan unha postura reivindicativa do propio, mediante o tratamento costumista e sentimental de temas populares. Esta postura é seguida por autores como **Álvarez Limeses, López Abente, Crecente Vega, Victoriano Taibo e Noriega Varela.**

Feitos históricos

- 1909 Semana Tráxica de Barcelona
- 1909 Conflitos agrarios con mortos e feridos en Oseira.
- 1914 Comeza a 1ª Guerra Mundial.
- 1916 Conflitos agrarios en Nebra.
- 1916 Fundación das Irmandades da Fala na Coruña.
- 1917 Estala a revolución rusa liderada por Lenin, Trostky e Stalin.
- 1919 Créase a Sociedade de Nacións
na conferencia de paz de París.
- 1919 Lei seca dos EE.UU.
- 1921 Irlanda é recoñecida como nación independente.
- 1921. Desastre de Annual, en África, onde o exército español sofre unha derrota que provoca a morte de moitos recrutas.
- 1922 Mussolini implanta un réxime totalitario en Italia.
- 1923 Fundación do Seminario de Estudos Galegos.
- 1923 O xeneral Primo de Rivera fai un pronunciamento en Barcelona e instaura unha ditadura.

Feitos literarios

- 1915 *Vento mareiro*, de **Ramón Cabanillas**.
- 1920 *Teoría do nacionalismo galego*, de **Vicente Risco**.
- 1920 Primeiro número da revista *Nós*, na que aparece Cabanillas
como redactor, a carón de Castela, Losada, Otero e Cuevillas.
- 1920 *Do ermo*, de Noriega Varela.
- 1921 *Doutrina nacionalista*, de **Ramón Vilar Ponte**.
- 1922 *Gramática do idioma galego*, de **Lugrís Freire**.
- 1922 Fúndase a editorial Céltiga.
- 1922 *Ulises*, de **James Joyce**.
- 1926 *Na noite estrelecida*, de **R. Cabanillas**.
- 1926 *A coutada*, de **Vicente Risco**.
- 1926 *O gran Gatsby*, de **Scott Fitzgerald**.
- 1927 Fúndase a editorial Lar.
- 1927. *Estevo*, de **Lesta Meis**.
- 1927 *Ó faro*, de **Virginia Woolf**.
- 1927 *Na procura do tempo perdido*,

Antonio Noriega Varela (1869-1974) é o máis vello representante dos escritores que serven de ponte entre o legado decimonónico e a literatura galega do século XX. Sen termos en conta algúns traballos menores (escolmas de cantigas populares, coleccións de ditos e refráns...), Noriega é autor de un único libro, que coñeceu sucesivas transformacións e que apareceu, primeiro, co título de *Montañasas* (1904 e 1910) e máis tarde, co rótulo *Do ermo* (1920, 1929 e 1946). Podernos sinalar dous aspectos na súa obra:

Poesía costumista. As primeiras composicións de Noriega manteñense na liña do realismo costumista característico do XIX. Nas composicións costumistas o poeta alude á dura vida dos labregos e tamén as alegrías festeiras da aldea.

Lirismo da natureza. Inclúense neste grupo un conxunto de poemas caracterizados pola ausencia de anécdota. Neles aparecen só o poeta e mais a natureza. A actitude dominante é a tenrura polas cousas humildes da paisaxe montesía. Dentro desta liña podemos incluír os Sonetos de Noriega.

-Unha **actitude renovadora**, representada por autores que parten da poesía do século XIX, pero que asimilan na súa obra trazos formais propios da poesía mundial de comezos do século XX (Modernismo...) e temas relacionados coa realidade social do seu tempo. O principal representante desta actitude é **Ramón Cabanillas**.

Ramón Cabanillas (Cambados, 1876-1959) é a personalidade literaria máis importante deste período. Trátase dun escritor prolífico e polifacético. Prolífico porque, a pesar de que comezou a publicar serodiamente (37 anos) deixounos 13 obras, que apareceron nun período de 45 anos (1913-1958), sendo á vez precursor do 2ª Rexurdimento e protagonista na recuperación das nosas letras na posguerra. É un escritor polifacético porque cultivou todos os xéneros. Sendo por enriba de todo poeta, tamén escribiu prosa (artigos, *As romaxes de Nosa Señora da Franqueira*) e teatro (*A man da santiña...*).

A obra poética de Cabanillas adoita dividirse en dous grupos:

Poesía lírica: Aparece nos libros *No desterro* (1912), *Vento mareiro* (1915), *Da terra asoballada* (1917) e *A rosa de cen follas* (1927). Nestes libros advírtense poemas de carácter intimista con outros de carácter cívico e costumista. En moitas composicións atopamos trazos propios do Modernismo: ambientes medievais, cantos á beleza, musicalidade da linguaxe...

Poesía narrativa: Neste grupo inclúense obras como *O bendito San Amaro* (1925) e *Camiños no tempo* (1949), pero o poemario máis importante é *Na noite estrelecida* (1926), que retoma en tres sagas o mundo artúrico e a demanda do santo Grial, situándoo en Galiza e dotándoo dun forte sentido cristianizador e mítico.



Selección de Textos

1

¡Alma nacional e ardente
canta anque che custe bágoas!
¡Teus cantares son semente!

¡Ata que os ladróns enxorden,
entre as cantigas que bican
pon as que feren e morden!

Está cativa a roseira,
mais, despois de tanto inverno...
¡Galicia ha ter primaveira!

¡Xa sei, xa sei que fan falla
moitas fources, moitos mistos
e moitos feixes de palla!

¡Axiña esperta Galicia
que xa se escupe aos caciques
e fai ruxir a inxusticia!

¡Xa o novo día alumea!
¡Xa a Sociedá dos Labregos
ten choza de seu na aldea!

¡A noite é fría e escura
pro, ao fin, o amanecer
tráenos co sol a quentura!

¡Patriano, o meu rogo escoita!
¡Eu quero un posto á túa beira
o roxo día da loita!

(No desterro)
Ramón Cabanillas

2

A Basilio Álvarez


¡Sementador! O trigo dos beirales
mostra as espigas mestas e douradas,
e as segadoras fources, afiadas,
teñen tráxico brillo de puñales.

O teu verbo, estalante nos pinales,
troca, ao chegar ás chozas das valgadas,
os salaios das gorxas abafadas
en ruxidos guerreiros e triunfales.

A aldea érguese co claror da aurora
agardando o sinal, e non sosega
en axexo de loita vingadora.

¡Xa a luz do sol do mediodía cega,
sementador! ¡Sementador, xa é hora
de dar o berro e comenar a sega!

(No desterro)
Ramón Cabanillas



Himno de Acción Galega

¡Irmáns! ¡Irmáns galegos!
 ¡Desde Ortegai ao Miño
 a folia do fouciño
 fagamos rebrillar!

Que vexa a Vila podre,
 coveira da canalla,
 a Aldea que traballa
 disposta pra loitar.


Antes de ser escravos,
 irmáns, irmáns galegos!
 que corra o sangue a regos
 desde a montaña ao mar.

¡Ergámonos sen medo!
 ¡Que o lume da toxeira
 envolva na fogueira
 o pazo señorial!

Xa o fato de caciques
 ladrons e herexes fuxe
 ao redentor empuxe
 da alma rexional.

Antes de ser escravos,
 irmáns, irmáns galegos!
 que corra o sangue a regos
 desde a montaña ao val.

(*Vento mareiro*)
Ramón Cabanillas



A rosa que sangra

A alma é unha roseira
 florecida, callada
 de rosiñas vermellas
 e de rosiñas brancas.

Alegrías e penas
 son o vento que pasa;
 ás veces como un bico,
 ás veces treboada.

Unha bágoa que xorde,
 unha risa que estala...
 son rosiñas que caen
 da roseira da alma.

Miña nai que me arrola,
 un amor que me chama,
 a estreliña da gloria
 no sendeiro da esperanza...

Cando a vida comeza
 ¡Cantas rosiñas brancas!

Un filliño que morre,
 un amor que se apaga,
 a ilusión que se atoga
 no remuíño das augas...


¡Cantas rosas vermellas
 ao mediar a xornada!

Xa son vello, e o vento,
 vento de treboada,
 desfolloume a roseira,
 a roseira da alma.

Pero esta dor da Terra
 ferida e escravizada...
 ¡Que rosiña vermella!
 ¡Como doel! ¡Como sangra!

(*Da terra asoballada*)
Ramón Cabanillas

É UN PARVO, ESTUDIOU MOITOS IDIOMAS E
 DO ÚNICO QUE SE ESQUECEU FOI DO SEU!



caldos de nabos →	regazadas
alcanzar →	dar unha cor
nomellos →	ollos dos insectos
fan obxectos de barro →	campos pequenos
alraes con irán →	cobertores
lotos →	serven para labrar
con davello a elixir →	que le
que erixe →	goberna a Universidade
das o papel textura →	acertas
relativo a Tehas →	madelas precosass
negras e con manchas brancas →	rajachos
as endurecidas dos insectos →	decentros cultos
lalan sen lino →	atar superficialmente
profesor xubilado →	acción de merecer
serventas →	enxurradas
insigne →	dáselles os zapatos
apalla →	aloga, asfixia
aleigar →	facen testamento

As respostas ás definicións da esquerda (I) ocuparán sete cadróns e as da dereita (II) seis. O primeiro cadrón deberá escribirse con minúsculas e os outros coa primeira letra maiúscula. A resposta correcta deberá aparecer na columna de arriba e abaixo observando o título dunha obra de Cabanillas.

Os movementos de vangarda: características, autores e obras.

O **2º Rexurdimento** da literatura galega ou Época Nós (1916-1936) adoita relacionarse coa renovación da prosa. No entanto, é tamén neste período cando a nosa poesía vive unha etapa de profunda renovación coa aparición das vangardas. Na literatura galega, as vangardas aglutinan a un conxunto amplo e heteroxéneo de artistas (poetas, narradores, músicos...) nados á volta de 1900. No ámbito da poesía, as figuras máis destacadas son **Manuel Antonio, Amado Carballo, Blanco-Amor, Luís Pimentel, Bouza-Brey, Euxenio Montes e Álvaro Cunqueiro**.

Os **manifestos e as revistas** son os medios de difusión que cumpren a función de dar a coñecer as propostas rupturistas das vangardas. O manifesto *Máis Alá*, publicado en 1922 por **Manuel Antonio e Alvaro Cebreiro**, constitúe unha declaración vangardista baseada na defensa do individualismo e da liberdade creadora, e na ruptura coa tradición, tanto nos temas como no plano formal. No que atinxe ás revistas, cómpre destacar cabeceiras como *Alfar* e *Ronsel*, nos anos 20, e *Resol*, *Yunque*, *Cristal* e *Papel de Color* na década dos 30.

A poesía galega está influenciada por diversos ismos, mais, atendendo á maior ou menor presenza de trazos vangardistas, pódense diferenciar **dúas orientacións**:

a) **Poesía plenamente vangardista**, representada por algunhas obras de Álvaro Cunqueiro -nomeadamente *Mar ao norde* (1932) e *Poemas do si e do non* (1933)-, **Euxenio Montes** (*Versos a tres cás o neto*, 1930), **Manuel Luís Acuña** (*Firgoas*, 1933), **Roberto Blanco Torres** (*Orballo de media noite*, 1928), **Eduardo Blanco Amor** (*Poema en catro tempos*, 1928) e **Luís Pimentel**. Con todo, o vangardista galego por excelencia é **Manuel Antonio** (Rianxo, 1900-1930), autor do poemario *De catro a catro* (1928), que representa o cumio da súa voz poética e, asemade, converteuse no libro máis significativo da nosa vangarda. Trátase dun poemario de estrutura circular, con dezanove composicións que se caracterizan pola disposición irregular dos versos, os espazos en branco, as maiúsculas, o humor, os símbolos, a xustaposición de imaxes, o mecanicismo (radiograma, léxico propio do mar, código morse...).

FEITOS HISTÓRICOS

- 1907 *As señoritas de Aviñón* de Picasso, son os comezos do cubismo.
- 1909 *Manifesto futurista* de F.T. Marinetti
- 1913 Apollinaire publica *Alcools*
- 1914 Comeza a 1ª Guerra Mundial, que se prolongará ata 1918.
- 1915 Movemento *Orpheu* en Portugal
- 1916 Nace en Zúric o movemento dadaísta, no cabaret *Voltaire*.
- 1918 Morre Apollinaire
- 1920 Publicación do manifesto futurista catalán *Contra els poetes en minúscula*, de Joan Salvat-Papasseit.
- 1922 *Ulises*, de James Joyce.
- 1924 Primeiro manifesto surrealista de André Breton
- 1927 *Romancero gitano*, de Federico García Lorca
- 1930 *Altazor*, poesía creacionista de Vicente Huidobro.



FEITOS LITERARIOS

- 1920 Nacen as revistas *Nós* e *Alfar*.
- 1922 Manifesto *¡Máis alá!* de **Manuel Antonio e Alvaro Cebreiro**.
- 1923 Creación do Seminario de Estudos Galegos.
- 1924 *Proel*, de **Luís Amado Carballo**
Revista *Ronsel*.
- 1926 *Dos arquivos do trasno*, de **Rafael Dieste**.
- 1928 *De catro a catro*, de **Manuel Antonio**.
- 1932 *Mar ao norde*, de **Álvaro Cunqueiro**.
Revistas *Cristal*, *Resol* e *Yunque*.
- 1933 *Cantiga nova que se chama ribeira e Poemas do si e do non* de **Cunqueiro**.
Nao senlleira, de **Fermín Bouza Brey**.
Firgoas, de **Manuel Luís Acuña**.
- 1935 *Seis poemas galegos*, de **Federico García Lorca**.

Manuel Antonio Pérez Sánchez (Rianxo, 1900-1930) naceu no seo dunha familia conservadora. Aos once anos iniciou os estudos secundarios nun instituto de Santiago, cidade na que tamén xurdiu nel o espírito galeguista e o seu compromiso coa cultura galega. Rematado o bacharelato, realizou estudos de Náutica en Vigo, onde residiu até 1923. A partir deste momento centrouse na actividade política e cultural, fundamentalmente no nacionalismo e na literatura.

Entre 1926 e 1929 realizou varias viaxes de navegación entre as que destaca a feita a bordo do paquebote *Constantino Candeira*, xa que dela xurdiu o seu libro máis importante: *De catro a catro*, dedicado Augusto Lustres, amigo seu e capitán do barco. No ano 1929 regrea a Rianxo gravemente enfermo de tuberculose, doenza da que xa non se recuperaría.

Obra	Ano publicación
<i>Con anacos do meu interior</i>	1920-1922
<i>Foulas</i>	1922-1925
<i>Sempre e máis dispois</i>	1923
<i>De catro a catro</i>	1928
<i>Viladomar</i>	1928

A única obra publicada en vida do autor é *De catro a catro*. As demais foron editadas postumamente e recollen poemas de índole e datación diversa. Distínguense tres etapas na evolución da súa obra poética:

- **Etapa de formación.** Integrada por uns cantos poemas soltos publicados nalgúns revistas da época e por outros recollidos en *Con anacos do meu interior*, *Foulas* e *Sempre e máis dispois*. Trátase dunha poesía na que se combinan *elementos tradicionais* (patriotismo, presenza de rima), *modernistas* (ton melancólico, ritmo...) e *vanguardistas* (imaxes suxestivas, innovacións na disposición gráfica, na puntuación ...). Os temas son variados: a noite, o mar, a morte, as tebras, o fatalismo...

- **Etapa de ruptura vanguardista.** Constituída polo libro *De catro a catro*, representou o cumio da súa voz poética e, asemade, converteuse no libro máis significativo do vangardismo galego e máis concretamente do *creacionismo*. É un poemario de estrutura circular, con dezanove composicións que dan conta da viaxe marítima dun *eu* poético que vai da ilusión á saudade, pasando polas experiencias cotiás dunha aventura. A diferenza dos libros da etapa anterior, esta obra presenta unidade *temática*; en todos os poemas encontramos unha presenza constante do *Mar*. Trátase dun Mar visto desde dentro, un mar fondo, serio, alumado por estrelas, pola lúa, polo sol; un mar dotado de realidade existencial: a soidade, a monotonía, a saudade, o silencio, o desarraigamento, a vida e a morte. Na *forma*, rompe case por completo cos esquemas métricos tradicionais (a rima, o ritmo, a división en estrofas ...) e utiliza trazos marcadamente vanguardistas: disposición irregular dos versos, uso de espazos en branco, as maiúsculas, o humor, os símbolos, a xustaposición de imaxes, o mecanicismo (radiograma, léxico propio do mar ou código morse)...

- **Etapa de retroceso.** Representada pola obra *Viladomar* (1928), supuxo certo retroceso con respecto ás cotas acadadas na etapa anterior, pois recuperou o ton e a forma poética tradicional, característicos dos libros da primeira etapa. O *eu* lírico, xa en terra, amósase nostáxico e saudoso coa infancia, co pasado.

b) Correntes poéticas non estritamente vangardistas:

- o **hilozoísmo**, que ten como máximo representante a **Amado Carballo** (*Proel*, 1927 e *O galo*, 1928), é o resultado da combinación de elementos tradicionais (tipografía, métrica regular, temática paisaxística) con outros máis innovadores (deshumanización, imaxes vangardistas, innovacións no léxico). O elemento fundamental desta tendencia é a paisaxe, un tema recorrente na nosa literatura. Preséntase unha paisaxe humanizada, personificada, e abundan as imaxes plásticas, visuais e auditivas.

Luis Amado Carballo (Pontevedra, 1901-1927). Estudou Filosofía e Letras e fíxose mestre de escola, actividade que alternou co xornalismo. Os arredores de Pontevedra e a paisaxe mariñeira do interior da ría están moi presentes nos seus versos. Unha doenza acabou coa súa vida en 1927, malogrando unha das voces máis estimadas no seu tempo.

Comezara a súa andaina literaria con dúas narracións curtas: *Maliaxe* (1922) e *Os pobres de Deus* (1925); nesta última —onde se pode recoñecer o influxo de Valle-Inclán— mestura idealismo e realismo con certos acenos humorísticos. Como poeta publicou en vida un só libro: *Proel* (1927). Postumamente apareceu *O galo* (1928).

A poesía de **Amado Carballo**, influída polas vangardas europeas e americanas, mestura imaxes de raíz vangardista con metros e ritmos populares —ou de aparencia popular— para ofrecernos unha visión plástica e animada da paisaxe. Toda a súa obra é unha busca da humanización da paisaxe. Tal propósito lógrao mediante unha pintura impresionista moi rica en cores, o que fornece as súas composicións dun aire sensorial e lúdico que conecta directamente coas escolas de vangarda. Se **Manuel Antonio** «crea» os seus poemas mediante a xustaposición de imaxes, rompendo a estruturación estrófica, Amado Carballo obtén poemas ben vertebrados e cunha estruturación máis complexa ca os daquel, tecida arredor da metáfora, que puxera de moda o movemento ultraísta. Polo que respecta á métrica e á rima, predominan na súa obra os versos octosilábicos con rima asonante, sen prescindir nunca do ritmo musical nin usar o versolibrismo.

- o **neotrobadorismo**, corrente que combina influencias da lírica medieval (paralelismo, leixa-pren, motivos temáticos) co uso dunha linguaxe vangardista, tanto no léxico como nas imaxes; os principais representantes desta tendencia son **Bouza-Brey** e **Álvaro Cunqueiro**. A difusión en Galiza da nosa lírica medieval, a través da edición comentada de J.J. Nunes (1928), fixo posíbel a aparición desta corrente poética, que tería continuidade na posguerra e chega mesmo aos nosos días.

Álvaro Cunqueiro (Mondoñedo, 1911-Vigo, 1981) é un dos escritores máis importantes da nosa literatura, con aportacións decisivas en todos os xéneros. Aínda que a maior parte da súa obra sitúase na posguerra, nos anos 30 xa principiara a súa carreira literaria, publicando tres poemarios. *Cantiga nova que se chama riveira* (1933) e *Dona de corpo delgado* (1950) encádranse no neotrobadorismo e recollen poemas elegantes e sensuais, de gran musicalidade e cunha adxectivación suxestiva.

Pola súa parte, *Mar ao norde* (1932) e *Poemas do si e non* (1933) son poemarios plenamente vangardistas e neles pódense observar trazos cubistas e creacionistas (esquematismo, deshumanización...) e tamén elementos propios do surrealismo, como o verso longo ou as imaxes irracionais.

Os piñeiros mortos

Afiando o berro dos carros
fende o solpor amarelo.
Rube a lúa polo monte
para despedi-lo enterro.

As estrelas en ringleiras
alumean o vieiro;
o bosque despeiteado
enloitouse de silencio.

Co ollar húmido do verde
camiñan os bois labregos,
levando os piñeiros mortos
no primeiro cadaleito.

—O serán concavo e fondo
molla polo mar os ecos
das doídas bateladas
que pinga a campá do ceo—.

Ficou chorando no campo
o enorme e viúdo vento,
buscándoos ás palpadelas
na orfandade do ermo.

L. Amado Carballo, *O galo*.



A dama que ía...

A dama que ía no branco cabalo
levaba un pano de seda bordado.

¡Na verde flor
as letras van de amor!

O cabaleiro do cabalo negro
levaba unha fita colléndolle o pelo.

¡Na verde flor
as letras van de amor!

No medio do río cambiaron as vistas,
el para o pano e ela prá fita.

¡Na verde flor
as letras van de amor!

As vistas lles viron no río cambiar
e o pano e a fita por se namorar

¡Na verde flor
as letras van de amor!

Os poetas da corrente neotrobadorista
utilizaban os recursos formais das cantigas
medievais (paralelismo, refrán, etc.),
pero con temática e linguaxe actuais.
Álvaro Cunqueiro participou desa corrente,
como ben amosa este poema.



Excelsior

	N	
	O	
N.W.	S	N.E.
	U	
	E	
S I D S	E I	E G O S U M
	I	
S.W.	A	S.E.
	M	

RADIOGRAMA
de pirotécnicos instintos
(pirotecnia de resonancias)
que polos vieiros dos ecos
xogarán ós labirintos.

EU SON!

O meu nome
acenderá unha estrela nova
en cada constelación.

Manuel Antonio ensaia na súa
poesía fórmulas vangardistas co-
mo o caligrama, que fora empre-
gado por poetas cubistas como
Guillaume Apollinaire. Neste poe-
ma, pertencente a *Foules*, debu-
xa unha especie de rosa dos
ventos coa frase «eu son» en dis-
tintos idiomas.

Taberna

Luis Amado Carballo, *Proel*

Chove fóra. Nas pozas
aboia a luz de gas.
Na lameira da rúa
entérrase un cantar.

Maríneiros de Amberes,
de Cork e Rotterdam...
O acordeón borracho
fala inglés, alemán,...

Na folla do coitelo
fuxe a luz cal no mar.

1) Nós queremos cantar o amor ao perigo, o hábito da enerxía e da temeridade.

2) O valor, a audácia, a revolta han ser elementos esenciais da nosa poesía.

3. Até hoxe, a literatura exaltou a inmovilidade pensativa, o éxtase e o soño. Nós queremos exaltar o movemento agresivo, a insónia febril, o paso lixeiro, o salto mortal, a labazada e a pancada.

4. Nós afirmamos que a magnificéncia do mundo arriqueceu-se con unha nova beleza: a beleza da velocidade. Un automóvel de carreiras co seu capó adornado de grosa tubaxe semellante á serpe de alento explosivo..., un automóvel bradante que parez correr sobre a metralla, é máis belo que a *Vitória de Samotrácia*.

5. Nós queremos cantar o home que suxeita o volante, cuxo eixo ideal atravesa a Terra, ela tamén botada á carreira, no circuíto da súa órbita.

6. É preciso o poeta se prodigar con audácia, coñ luxo e con magnificéncia para aumentar o entusiástico fervor dos elementos primordiais.

7. Xa non hai beleza se non é na loita. Nengunha obra que non teña carácter agresivo pode ser unha obra de arte. A poesía debe-se conceber como un violento asalto contra as forzas descoñecidas, para obrigá-las a se axionllaren perante o home.

8. Achamo-nos sobre o último promontório dos séculos!... Por que deberíamos ollar ás nosas costas, se quixermos derrubar as misteriosas portas do Imposíbel? O Tempo e o Espazo morreron onte. Nós xa vivimos no absoluto, pois criámos xa a eterna velocidade omnipresente.

9) Nós queremos glorificar a guerra -única hixiene do mundo-, o militarismo, o patriotismo, o xesto destrutor dos libertários, as fermosas ideas polas que se morre e o desprezo pola muller.

10) Nós queremos destruír os museus, as bibliotecas, as academias de todo tipo, e combater contra o moralismo, o feminismo e toda cobardía oportunista ou utilitaria.

11) Nós cantaremos as grandes multitudes axitadas polo traballo, polo pracer ou a revolta; cantaremos as marchas multicolores e polifónicas das revoluzóns nas capitais modernas; cantaremos o vibrante fervor nocturno dos arsenais e dos asteleiros incendiados por violentas luas eléctricas; as estazóns larpeiras, devoradoras de serpentes fumegantes; as fábricas penduradas das nubes polos tortos fios dos seus fumes; as pontes semellantes a xinastas xigantes que saltan os ríos, lostregantes ao sol con un brillo de coitelos; os vapores aventureiros que uliscan o horizonte, as locomotoras de ancho peito que rinchan nos raís cal enormes cabalos de aceiro embridados con tubos, e o voç deslizante dos aeroplanos, cuxa hélice ondea no vento como unha bandeira e parez bater palmas como unha multitude entusiasta. (...)

MARINETTI, Fundazón e manifesto do Futurismo, 1909

II

NOXO DADAISTA

Todo produto do noxo susceptíbel de se converter nunha negazón da familia, é *dada*; protesta con todas as forzas do ser en acción destrutiva: DADA; coñecimento de todos os meios até agora rexeitados polo sexo púdico do compromiso cómodo e a cortesía: DADA; abolición da lóxica, danza dos impotentes da criazón: DADA; de toda hierarquía e ecuazón social instalada para os valores polos nosos lacaios: DADA; cada obxecto, todos os obxectos, os sentimentos e as obscuridades, as aparizóns e o choque preciso das liñas paralelas, son medios para o combate: DADA; abolición da memoria: DADA; abolición da arqueoloxía: DADA; abolición dos profetas: DADA; abolición do futuro: DADA; crenza absoluta indiscutíbel en cada deus produto inmediato da espontaneidade: DADA; salto elegante e sen perxuízo dunha harmonía á outra esfera; traxectoria dunha palabra lanzada como un disco sonoro berro; respeitar todas as individualidades na súa loucura do momento: séria, temerosa, tímida, ardente, vigorosa, decidida, entusiasta; limpar a súa igrexa de todo accesorio inútil e pesado; cuspir como fervenza luminosa o pensamento chocante o amoroso, o mimá-lo-coa viva satisfacción de que tanto ten-coa mesma intensidade na silveira, pura de insectos para o sangue ben nacido, e dourada de corpos de arcanxos, da súa alma. Liberdade: DADA DADA DADA, uivo das dores crispadas, entrelazamento dos contrários e todas as contradicións, dos grotescos, das inconsecuencias: A VIDA.

ARTE POÉTICA

Que el verso sea como una llave
Que abra mil puertas.

Una hoja cae; algo pasa volando;
Cuanto miren los ojos creado sea,
Y el alma del oyente quede temblando.

Inventa mundos nuevos y cuida tu palabra;
El adjetivo, cuando no da vida, mata.

Estamos en el ciclo de los nervios.
El músculo cuelga,
Como recuerdo, en los museos;
Mas no por eso tenemos menos fuerza:
El vigor verdadero
Reside en la cabeza.

Por qué cantáis la rosa, ¡oh Poetas!
Hacedla florecer en el poema;

Sólo para nosotros
Viven todas las cosas bajo el Sol.

El poeta es un pequeño Dios.

V. HUIDOBRO, El espejo de agua, 1916

Liridade noctámbula

(...) EU vinte
 cidade convulsa
 anestesiada unha noite:
 Chovía
No sedento da miña repulsa
E no sedento ermo do teu día.

Con anacos do meu interior.

S.O.S.

(...) Que dan os almanaques
para esta media noite?
Pero aínda non sabemos
De que banda vai chegar a media-noite
E o faro extraviado
Vai esgotar o seu stock de S-O-S.

De catro a catro.

Indelébel

TAMEN esta hora
chegou a mirarse no espeño do Mār.
Por eso eu estou vendo
-aínda era neno...-
a miña fasquía verde e salgada
arrendeada polo vento dos naufraxios

Viladomar



**A PROSA DO PRIMEIRO TERZO DO
XX: IRMANDADES E GRUPO *NÓS***

A prosa do primeiro terzo do XX: as Irmandades e o grupo Nós

FEITOS HISTÓRICOS

- 1921 Desastre militar español en Annual (Marrocos).
Irlanda constitúese en Estado libre.
- 1922 IV Asemblea das Irmandades da Fala en Monforte; **Risco** é elixido Concelleiro Supremo.
Fundación en Xenebra da Sociedade de Nacións.
Ascenso ó poder de **Stalin** na URSS e de **Mussolini** en Italia.
- 1923 Dictadura de **Primo de Rivera**.
- 1925 Final da guerra de Marrocos.
- 1929 Fundación da ORGA, Organización Republicana Gallega Autónoma.
Caída da bolsa de Nova York.
- 1930 Demisión de Primo de Rivera.
- 1931 Proclamación da República en España.
Anteproxecto de Estatuto feito polo Seminario de Estudos Galegos.
Fundación do Partido Galeguista.
- 1933 Victoria de **Hitler** en Alemaña
Dictadura de **Salazar** en Portugal.
- 1934 Revolución de Asturias.
- 1936 Victoria da Fronte Popular en España.
Aprobación do Estatuto de Autonomía de Galicia.
Comezo da Guerra Civil.

FEITOS LITERARIOS

- 1920 Revista *Nós*.
Do Ermo, de **Noriega Varela**.
Teoría do nacionalismo galego, de **Vicente Risco**.
- 1922 *Manifesto ¡Máis alá!*, de **Manuel Antonio** e **Álvaro Cebreiro**.
- 1924 *Proel*, de **Luis Amado Carballo**.
- 1925 *O lobo da xente*, de **Vicente Risco**.
- 1926 Primeiro libro de *Cousas*, de **Castelao**.
Na noite estrelecida e O Mariscal, de **Ramón Cabanillas**.
Dos arquivos do trasno, de **Rafael Dieste**.
- 1928 *Os camiños da vida*, de **Otero Pedrayo**.
O porco de pé e O bufón de El Rei, de **Vicente Risco**.
De catro a catro, de **Manuel Antonio**.
- 1930 *Arredor de si*, de **Otero Pedrayo**.
- 1932 *Mar ao norde*, de **Álvaro Cunqueiro**.
- 1933 *Cantiga nova que se chama ribeira*, de **Álvaro Cunqueiro**.
Nao senlleira, de **Fermín Bouza Brey**.
- 1934 *Fra Vernerio e A romeiría de Xelmírez*, de **Otero Pedrayo**.
Retrincos e Os dous de sempre, de **Castelao**.

A aparición en Ourense, o 30 de outubro de 1920, da revista *Nós* supón un avance fundamental na nosa cultura. Á marxe da súa calidade, a revista serve de aglutinante para un grupo de escritores que hoxe coñecemos como *grupo Nós*. Entre outros, pertencen a esta xeración **Vicente Risco**, **Otero Pedrayo** e **Castelao**. Estes tres escritores son os grandes renovadores da narrativa galega durante o 2ª Rexurdimento da literatura galega ou *Época Nós* (1916-1936).

Porén, o envolvimento da prosa galega no primeiro terzo do século XX débelle moito a outros escritores que agruparemos en **dous bloques**. Por unha banda, García Barros e os escritores das Irmandades da Fala, que comezan a súa andaina literaria antes da irrupción da Xeración *Nós*. Por outra, os autores das vangardas ou Xeración do 25, máis novos que Risco, Otero Pedrayo e Castelao.

1. García Barros e os escritores das Irmandades

Na transición da nosa literatura do século XIX ao século XX, podemos destacar a obra de **Manuel García Barros** (1876-1972), que publicou en vida *Cousiñas da terra* (1932), unha serie de relatos breves de temática costumista e ton cómico. De forma póstuma apareceu *As aventuras de Alberte Quiñoi*, un libro que narra as peripecias dun rapaz labrego e que son, sen dúbida, unhas memorias do propio autor.

Na época das *Irmandades da Fala* a prosa galega experimentou uns avances moi notábeis. Así o demostra a aparición do ensaio, un xénero novidoso nas nosas letras, o desenvolvemento da prensa en galego (cómpre destacar a cabeceira *A Nosa Terra*) e a difusión de varias coleccións de narrativa, como *Céltiga* ou *Lar*.

Os máis importantes ensaístas das *Irmandades* foron **Xoán Vicente Viqueira** (1886-1924), **Antón Vilar Ponte** (1881-1936) e **Ramón Vilar Ponte** (1890-1953). No tocante á prosa de ficción, podemos destacar a **Leandro Carré Alvarellos** (1884-1976) e **Xosé Lesta Meis** (1887-1930).

2. Autores da xeración do 25

Os escritores desta xeración cultivaron fundamentalmente a poesía, pero algúns, como **Amado**

Carballo (*Os pobres de Deus*) e **Fermín Bouza Brey** (*Cabalgadas no Salnés*), tamén cultivaron a prosa. Con todo, o prosista por excelencia desta xeración é **Rafael Dieste** (1899-1981), que publicou en 1926 *Dos arquivos do trasno*. Inicialmente a obra incluía oito contos, pero en sucesivas edicións fóronselle engadindo máis pezas até sumar vinte. Trátase dun conxunto de historias independentes que mesturan o mundo real e o mundo imaxinario e marabilloso. Isto fixo que moitos estudosos considerasen a narrativa de Dieste precursora do realismo máxico que máis adiante cultivarían con mestría autores galegos e suramericanos.

3. Grupo Nós

Co nome de **grupo Nós** coñécese a unha serie de escritores que contribuíron decisivamente ao progreso da nosa literatura, en especial no ámbito da prosa. **Risco**, **Otero Pedrayo** e **Castelao** poñen as súas plumas ao servizo dunha literatura con decidida vocación de modernidade e de universalidade, foxen do ruralismo do século anterior e sentan as bases da moderna prosa galega nas súas distintas variantes: narración curta, novela, teatro e ensaio.

A obra de **Otero Pedrayo** (Ourense, 1888-1976) é unha das máis extensas da literatura galega e abarca practicamente todos os xéneros. Con todo, aínda que cultivou o ensaio (*Ensaio histórico sobre a cultura galega*), a poesía (*Bocarribeira*) e o teatro (*A lagarada*), Otero é fundamentalmente un narrador, quizais o autor máis importante da prosa moderna galega. A súa obra narrativa adoita dividirse en dous grandes bloques: narrativa realista e narrativa culturalista.

Narrativa realista. A grupamos baixo este rótulo un conxunto de obras que retratan con visión obxectiva a sociedade rural galega do século XIX: Galiza no tránsito do Antigo Réxime á sociedade liberal-burguesa, coa decadencia da fidalguía, o ascenso da burguesía e o enfrontamento entre estas dúas clases. Nestas obras destacan tamén temas como a paisaxe, os traballos agrícolas, crenzas e costumes e, en xeral, o mundo rural. A obra máis representativa da narrativa realista é *Os camiños da vida* (1928), que describe a evolución dunha familia fidalga, que perde a preeminencia social e económica dos seus devanceiros a mans da nova burguesía urbana.

O ciclo da narrativa realista está integrado, ademais, pola novela *O mesón dos ermos* (1936), o relato breve *Pantelas, home libre* (1925) e a colección de contos *Contos do camiño e da rúa* (1933).

Narrativa culturalista. Na narrativa culturalista decae a intriga, a acción; Otero céntrase na exposición de ideas e referencias culturais que son claves para a interpretación de Galiza e do galeguismo. Son obras, polo tanto, de carácter máis ideolóxico, doutrinario, intelectual e idealista. *Arredor de si* (1930) é a obra máis importante deste bloque e nela Otero expón o proceso de concienciación galeguista do grupo Nós.

O ciclo culturalista complétase con tres novelas máis (*Fra Vernero*, *A romería de Xelmírez* e *Devalar*) e dous relatos breves: *Escrito na néboa* (1927) e *Vidas non paralelas* (1930).

Aínda que tamén cultivou esporadicamente a poesía e o teatro, o ourensán **Vicente Risco** (1884-1962) é, sobre todo, narrador e ensaísta. Na súa traxectoria intelectual, podemos distinguir tres etapas que atopan un fiel reflexo na producción ensaística:

Na **etapa de formación**, que chega ata 1920, predominou o decacacentismo finisecular, o interese polas filosofías exóticas, o cosmopolitismo, o «dandysmo»... Esta etapa quedou resumida no seu ensaio Nós, os inadaptados (1933).

Na **etapa galeguista**, que comprende desde 1920 a 1930 e que é o período máis activo e brillante, Risco viviu intensamente o seu ideal nacionalista, que el concreta na lingua, na terra e na raza. A súa ideoloxía está recollida en Teoría do nacionalismo galego (1920).

Na **etapa de desvinculación progresiva do galeguismo**, iniciada partir de 1930, o escritor Risco móstrase decepcionado coa realidade que se vive no país e volve a súa mirada a Europa. Nos ensaios reunidos en Mitteleuropa (1934) dános a coñecer as súas opinións sobre o militarismo, o fascismo e outros temas que estaban en plena eferescencia na Europa deses anos.

A obra narrativa de Vicente Risco é unha continuación da súa obra ensaística. O pensamento filosófico é unha das compoñentes fundamentais dos relatos de ficción, que se distinguen polo seu carácter ideolóxico e doutrinario. Resulta paradigmática neste sentido O porco de pé (1928), que é a súa obra máis importante. Nesta novela, Risco caricaturiza o ascenso social de don Celidonio, un maragato chegado á cidade, que sen méritos de ningún tipo e pola simple acumulación de capital é nomeado alcalde. O novo alcalde representa unha burguesía só preocupada polos cartos e afastada da cultura. Ao seu redor móvense distintos personaxes, especialmente o Dr. Alveiros, que sen estaren inmersos nesa clase, acaban sucumbindo aos encantos da burguesía.

A súa produción narrativa complétase con outras obras: Do caso que lle aconteceu ó Dr. Alveiros (1919), A trabe de ouro e a trabe de alquitrán (1925), A coutada (1926), Os europeos en Abrantes (1927)...

Castelao (Rianxo, 1882-Buenos Aires, 1950) é, en moitos aspectos, a figura máis relevante da historia da cultura galega do século XX. Ademais da súa obra literaria, desenvolveu unha intensa actividade como político e artista plástico, asumindo sempre a función dun educador que, a través da análise da sociedade labrega e mariñeira, denuncia as inxustizas que se cometen contra o seu pobo.

Aínda que fixo aportacións decisivas ao teatro (Os vellos non deben de namorarse) e ao ensaio (Sempre en Galiza), Castelao destacou sobre todo como narrador. Estamos diante dun dos principais responsábeis da modernización que experimentou este xénero durante o 2º Rexurdimento. No plano da *historia*, Castelao incorpora novos temas (a problemática socioeconómica do país, a sátira social, a morte, temas fantásticos e populares...), introduce ámbitos urbanos e vilegos e decántase por unha narrativa na que perde peso a intriga, o argumento. No plano do *discurso*, cómpre destacar que nas súas obras hai unha evidente limitación da omnisciencia do narrador e que en ocasións bota man da temporalización anacrónica. O seu estilo é antirretórico; caracterízase pola frase sintética, breve, polo lirismo e polo humor.

Castelao estreouse como narrador con *Un ollo de vidro. Memorias dun esquelete* (1922), pero a súa creación máis orixinal é *Cousas* (1926 e 1929). Cada "cousa" consta dun debuxo acompañado dunha breve anécdota e como eixo de cada relato adoitan aparecer tipos populares (un vello, un pobre, un mariñeiro ...). En 1934 publicou *Retrincos*, cinco contos que recollen vivencias autobiográficas dispostas desde a infancia á madurez, e nese mesmo ano tamén aparece *Os dous de sempre* . Esta é a única peza narrativa longa de Castelao. Nela desenvólvese de forma paralela a biografía de dous personaxes: Pedriño e Rañolas, que sendo amigos desde a infancia toman camiños diverxentes. Cada un representa un prototipo diferente de persoa: Pedriño é o home pasivo, acomodaticio, sen ambición; mentres que Rañolas encarna o home activo, inconformista e con ambicións.

A Marquesiña



Chámanlle a «Marquesiña» e os seus peñíos endexamais se calzaron. Vai á fonte, depelica patacas e chámanlle a *Marquesiña*.

Non foi á escola por non ter chombra que pór, e chámanlle a *Marquesiña*.

Non probou máis lambetadas que unha pedra de azucre, e chámanlle a *Marquesiña*.

A súa nai é tan pobre que traballa de xornaleira na casa do Marqués. ¡E aínda lle chaman a *Marquesiña*!

No libro *Cousas*, **Castelao** acompaña todos os seus relatos cunha breve ilustración. El coidaba que estes debuxos, cunha marcada tentencia ao sintetismo, eran indispensables para a comprensión completa dos textos.

En «A Marquesiña» Castelao emprega un rexistro entre poético e irónico, retratando con humor acedo unha situación profundamente inxusta.

Se eu fose autor

Se eu fose autor escribiría unha peza en dous lances. A obriña duraría dez minutos nada máis.

LANCE PRIMEIRO

Érguese o pano e aparece unha corte aldeá. Enriba do estrume hai unha vaca morta. Arredor da vaca hai unha vella velliña, unha muller avellentada, unha moza garrida, dúas rapaciñas bonitas, un vello patrucio e tres nenos louros. Todos choran a fío e enxoitan os ollos coas mans. Todos fan o pranto e din cousas tristes que fan rir, ditos paifocos de xentes labregas, angurentas e cobizosas, que pensan que a morte dunha vaca é unha grande desgracia. O pranto debe ter unha gracia choqueira, para que estoupen de risa os do «patio de butacas».

E cando se farten de rir os señoritos baixará o pano.

LANCE SEGUNDO

Érguese o pano e aparece un estrado elegante, adobiado con moito señorío. Enriba dunha mesa de pés ferrados de bronce hai unha bandexa de prata, enriba da bandexa hai unha almofada de damasco, enriba da almofada hai unha cadeliña morta. A cadela morta semellará unha folerpa de neve. Ó seu redor chora unha fidalgona e dúas fidalguñas novas. Todas elas fan o pranto e enxoitan as bágoas con paniños de encaixe. Todas van dicindo, unha a unha, as mesmas parvadas que dixeron os labregos diante da vaca morta, ditos tristes que fan rir, porque a morte dunha cadela non é para tanto.

E cando a xente do galiñeiro se farte de rir a cachón, baixará o pano moi a modiño.



«Debaixo de todo humorismo hai unha grande dor», dicía **Castelao**. Nesta «cousa», mediante a contraposición das reaccións dunha familia fidalga e doutra labrega ante a morte dun animal, Castelao consegue reflectir maxistralmente a súa visión da sociedade galega do seu tempo.



—Yo nunca sentí la necesidad de saber gallego.
—Es que esa necesidad no se siente en la barriga.



—Disque van subir os selos das cartas.
—Que ben fixemos en non saber escribir.!



—¿Por qué se lleña, castelán, con isto?
—¿Por que se lleña, gallego, con isto? (retratos de castelanos)

O retrato

Por amainar a conciencia guindei co meu título de médico no fondo dunha gaveta, e busquei outra maneira de me valer. As xentes xa non sabían que eu era dono de tan tremenda licencia oficial; mais unha noite foron requeridos os meus servicios.

Era domingo. Melchor, o taberneiro, agardaba por min ao pé da porta. Deume as boas noites e rompeu a chorar, e por entre os saloucos saíalle as verbas tan estruchadas que soamente logrou dicirme que tiña un fillo a morrer.

O pobre pai turraba por min, e eu deixábame levar, enfeitizado pola súa dor. ¡Despois de todo eu era médico titulado e non podía negarme! E tiven tan fortes anceios de compracelo que sentín xurdir nos meus adentros unha grande ciencia...

Cando chegamos á casa de Melchor logrei arriarme das súas mans, e con finxido acoitamento confeseille que sabía pouco da carreira.

—Repara que hai moitos anos que non visito enfermos.

E entón Melchor, facendo un esforzo, díxome quedamente:

—O meu fillo xa non precisa de médicos. Eu xa sei que o coitado non pasa da noite. E váiseme, señor; váiseme e non teño ningún retrato seu!

Aí, eu non fora chamado como médico; eu fora chamado como retratista, e no intre sentín ganas acedas de botarme a rir.

E por verme ceibe de xeira tan macabra díxenlle que unha fotografía era mellor que un deseño, asegúreille que de noite poden facerse fotografías, e botando man de moitos razoamentos logrei que Melchor largase de min á cata dun fotógrafo.

A cousa quedaba arrombada, e funme durmir, con mil ideas ensarilladas na chola.

Cando estaba prendendo no sono petaron na miña porta. Era Melchor.

—¡Os fotógrafos din que non teñen magnesio!

E díxomo tremendo de anguria. A face albeira, e os ollos como dous tetos de carne vermella de tanto chorar.

Endexamais fitei a un home tan desfeito pola dor.

Pregaba, pregaba, e collíame as mans, e turraba por min, e o malpocado dicía cousas que rachaban as entrañas:

—Considérese, señor. Dous riscos de vostede nun papel e xa poderei ollar sempre a cariña do meu neno. ¡Non me deixe na escuridade, señor!

¡Quen tería corazón para negarse! Collín papel e lápiz, e alá me fun con Melchor, disposto a facer un retrato do rapaz moribundo.

Todo estaba quedo e todo estaba calado. Unha luz cansa alumeaba, en amarelo, dúas facianas arrepiantes que ventaban a morte. O neno era o centro daquela pobreza da materia.

Sen dicir nada senteime a debuxar o que ollaban os meus ollos de terra, e soamente ao cabo dalgún tempo conseguín afacerme ao drama que fitaba e aínda esquecelo un pouco, para poder traballar afervoadado, como un artista. E cando o deseño estaba xa no seu punto a voz de Melchor, agrandada por tanto silencio, feríume con estas verbas:

—Pola alma dos seus defuntos, non mo retrate así. ¡Non lle poña esa cara tan encoveirada e tan triste!

Confeso que ao volver á realidade non souben qué facer, e púxenme a repasar as liñas xa feitas do retrato. O silencio foi esgazado novamente por Melchor:

—Vostede ben sabe como era o meu rapaciño. Faga memoria, señor, e debúxemo rindo.

De súpeto naceume unha grande idea. Rachei o traballo, ensumín o meu ollar nun novo papel branco e debuxei un neno imaxinairo. Inventei un neno moi bonito, moi bonito: un anxo de retábulo barroco, a sorrir.

Entreguei o debuxo e saín fuxindo, e no intre de poñer o pé na rúa sentín que choraban dentro da casa. A morte viñera.

Agora Melchor consólase ollando a miña obra, que está penduraba enriba da cómoda, e sempre di coa mellor fe do mundo:

—Tiven moitos fillos, pero o máis bonito de todos foi o que me morreu. Velaí está o retrato que non mente.

(Retrincos)
Castelao

Análise de textos

Don Celidonio é gordo e artrítico. O carrolo sáelle para fóra; na calva ten unha que outra serda; ten fazulas hipertrofiadas, da cor do magro do xamón, e tan lustrosas, que semella que botan unto derretido; as nádegas e o bandullo vánselle un pouco para abaixo.

O lardo rezúmalle por todo o corpo, e no vran súdao en regueiros aceitosos e en pingotas bastas, coma as que deitan os chourizos cando están no fumeiro.

Así como é graxento o corpo, tamén o miolo de D. Celidonio. Se lle escachasen a testa, que tiña que ser con pau-ferro e picaraña, en lugar dunha sesada había atopar un unto. Corpo e alma, tanto ten, todo é graxa e manteiga. Don Celidonio é igual por dentro ca por fóra; carne e espírito son a mesma zorza, misturada e revolta, co mesmo adubo de ourego e pemento.

Vicente Risco, *O porco de pé*.

1. Despois de ler detidamente o texto anterior, consulta o significado destas palabras no dicionario.

hipertrofiado - lardo - fumeiro - picaraña

2. Atendendo ó contido, sinala a súa estrutura. Xustifica a resposta con palabras do texto.

Parte	Desde... Ata...	Xustificación
I
II

3. A descrición de D. Celidonio deste fragmento é un bo exemplo de caricatura. Para ridiculizar este personaxe, Risco emprega hipérbolos e comparacións moi audaces. Tira do texto exemplos e comenta o seu valor expresivo.

	Exemplo	Valor expresivo
Comparacións
Hipérbolos

4. No texto ten especial relevancia o léxico relacionado cos produtos e alimentos derivados do porco. Localiza estes exemplos no texto.

[Fazulas] da cor do magro do **xamón**

.....

- Comenta o valor descritivo que proporcionan estes elementos á descrición e a súa relación co propio título do libro.

Nós viamos que Galicia se desgaleguizaba; nós viamos que Galicia se desfaguía; nos viámo-la perda das nosas tradicións, dos nosos costumes, da nosa fala, da nosa liberdade.

A non curanza dos nosos pais deixáranos unha Galicia desgaleguizada, chea de vergoña de si mesma, humildosa e escrava, disposta a aguantalo todo. [...]

E era a morte, a morte sen remedio para a nosa amada Galicia...

E viamos que isto era porque nos fallaba a vontade nacionalista.

E como no noso sangue sentiámo-lo cantar da terra, sentiámo-la voz de Galicia que non quería morrer, que non quería deixar de ser Galicia, un valente de-sexo, unha santa cobiza fíxonos saír das nosas casas onde pousabamos entre volumes cheos de ideas nóvas, onde recollíamo-las correntes de tódolos ventos do espírito para traballar na reconstitución espiritual, social e económica de Galicia, para crear en tódalas almas de bos e xenerosos a vontade nacionalista.

Vicente Risco, *Teoría do nacionalismo galego*.

5. Le o texto anterior e resume en dúas liñas o seu contido.
6. Trátase dun ensaio de Risco. Aínda que non é prosa de ficción, si é posible apreciar algúns recursos propios da lingua literaria. Tira do texto exemplos destes recursos literarios e indica o seu valor expresivo.
 - Personificación.
 - Enumeración.
 - Metáfora.
7. No texto dáse conta dun cambio ideolóxico. Comenta entre qué etapas da evolución da xeración Nós se produciu ese cambio.
 - Apoia as túas afirmacións con fragmentos do propio texto e do estudado na unidade.
8. O tema da evolución cara ó nacionalismo aparece noutros escritos de Risco e doutros autores da xeración Nós: Pedrayo, Cuevillas... Acude a antoloxías e libros de texto e localiza fragmentos que coincidan neste tema.
 - Cubre para cada caso unha ficha coma esta:

Autor: Título:

Texto:

.....

.....

Selección de textos

Ó longo de moitos días, as riolas de carros de bestas e de xente cruzaban polos lugares cargando as fanegas de limpo centeo. Cada foro cumpría coas obrigas da súa constitución, ben precisada nas cartas forais e nos prorrateos. Agardaban os cabezaleiros na solaina e o home de goberno da casa, outro paisano un pouco prosas, tiña conta da medición do gran. Cobrábanse outras rendas nos lugares sinalados na carta foral: nun souto, nun curro, nun cruce de camiños, baixo un pendello, a carón dun parral. Nos derradeiros do setembro recollíase o millo nas nabeiras a caseiros, os colombros e cabazos para a ceba, a palla disposta nos eidos en serras ou maragoutos. De seguida estrondaban polas terras quentes e baixas da parroquia as cántigas da vendima. Don Caetano, dende o balcón, sentía subir polas congostras encostadas as tinas de culeiros da boa cepa vella da Reboreda e do Alargo. Outro administrador atafegábase dirixindo a lagarada. Un bafo de viño inda vexetal enchía os curros do pazo. Enfriábase o bico nas mañás de outono cando xa as parellas de bois rachaban na terra lixeira das herdades os sucos da sementeira do centeo. Despois, a vareadura das castañas, a seca no canizo [...].

Otero Pedrayo. *Os camiños da vida*

Ti dis: Galicia é ben pequena. Eu dígoche: Galicia é un mundo. Cada terra é como se fose o mundo enteiro. Poderala andar en pouco tempo do norte para o sul, do este para o oeste noutro tanto; poderala volver andar outra vez e máis; non a has dar andado. E cada vez que a andes, has atopar cousas novas e outras has botar de menos. Pode ela ser pequena en extensión; en fondura, en entidade, é tan grande como queiras, e dende logo, moito meirande de como ti a ves. ¿Non din os filósofos que o home é o "microcosmos", o compendio, o resume do universo todo? Para canto máis unha terra con todos os homes que nela viven, un pobo, que, se cadra, é unha sorte de Adam Kadmon... Do grandor do teu espírito depende todo; canto máis pequeno sexa, máis terra precisará. Se o teu pensar é fondo, a túa terra, para ti, non terá cabo, nela estará o mundo todo con todos os seus climas. Se o teu pensamento se detén na codia das cousas, non digas tampouco: Galicia é ben pequena; es ti, que endexamais poderás concibir nada grande.

Vicente Risco. *Leria*

A CARÓN DA NATUREZA

É NO INTRE EN QUE A TERRA, pra se durmir, vaille virando as costas á luz e o fume das tellas, mesto e leitoso, vaise espaxecendo no fondo do val. Non é cousa de outro mundo pintar o que ven os ollos, que serán comestos polos vermes; pero na paisaxe hai máis cousas que fitar, pois naquel muíño cantareiro dous namorados danse o primeiro bico e naquel pazo do castiñeiro seco oubean os cans.

D ENDE O ADRO DUNHA EIREXA ollamos o val afundido na choiva. A iauga que cai a fio aplaca o fume azul contra as tellas brillantes dunha chouza. Os camiños están cubertos de lama e un vendedor de cobertores pasa cabaleiro na súa besta ferrada. Velahí o cadro dun pintor; pero aínda hai máis na paisaxe, pois tocan a morto no campanario da eirexa e o son é tan amargurado coma se batesen a campá coa mesma cabeza do morto e non adiviñamos en cál casa do lugar hai desgracia porque todas, todas, están tristes.

N OITE DE LUAR. Na veira dunha encrucillada de leenda un cruceiro ten arrentes de si a mesa de pedra onde pousan os mortos para botarlle o responso; por entre os piñeiros amóstrase a ría maina; a lúa está pendurada da ponla dun pino. O pintor ten que evocar algo máis que unha visión, pois na mesa de pedra do cruceiro, aquela mesma tardiña, pousaron o corpo morto dun rapaz que veu do servicio; por aquela congostra vai un estudante de crego cavilando na moza do pano roxo que lle roubou a vocación. E ao lonxe cantan un alalá.


M AÑANCIÑA DE DOMINGO. Os montes de lonxe teñen azures de Patinir; as xestas e os toxos poñen as súas motiñas marelas na divina sinfonía verde da paisaxe. Moitas cousas máis ten a paisaxe para un artista, pois nunha ponla daquela maceira o melro de Guerra Xunqueiro, "lucidío e xovial" aínda, agarda polo abade da aldea para darlle os "bons dias"; choveu onte; as campás da eirexa repenicun unha muiñeira e polos carreiros das veigas dacolá embaixo as formiguiñas negras e roxas veñen á misa.

O TEMPO ENGALANOU cunha tona de ouro e prata o vello castelo feudal; os escravos do fisco sachan o millo nas leiras; antre os salgueiros sombrizos do fondo do val avístase a fouce do río. O sol bate no lombo da terra. Todo está disposto para pintar, porque todo é regalía dos ollos; pero na paisaxe hai máis. Hoxe é vispera de San Xohán, arrecende a colo de nai, cantan os grilos e o vento morno trainos de lonxe o son dun bombardino. Mañán lavarémonos con herbas arrecendentes.

A NOITECÍA. A silueta negra dun pino dibuxábase no azul escuro do ceo. Todos sabedes que na primaveira os pinos botan milleiros de velas, collendo eisí o aspecto de candieiros xigantes. ¡Cantas veces sentimos desexos de alcender as velas dos pinos! Pois ben; perto do meu pino acertou a pasar o Viático aldeán (o crego, dous rapaces, catro mulleriñas que van rezando) e ¡jou miragre! o irmán pino, sentindo o momento relixioso e en homenaxe á Sagrada forma, alcendeu as súas velas, que estiveron acesas namentras o Viático non se perdeu na revolta do camiño.

U N DÍA DE NADAL, ollando unha paisaxe que imitaba un Nacemento, decateime de que hai máis fermosura nas froliñas dos campos que nas froles de xardín. As froliñas ventureiras que nacen nos campos parecen creadas polo Bosco ou por Breughel o Vello, namentras que as froles foulentas de xardín semellan os encoiros manteigosos de Rubens. Dende entón eu quixen ser un ventureiro das letras.

Castelao. *Cousas*



O TEATRO DO PRIMEIRO TERZO DO XX: *IRMANDADES*, VANGARDAS E GRUPO *NÓS*

O teatro do primeiro terzo do XX: *Irmandades, vangardas e grupo Nós*

FEITOS HISTÓRICOS

- 1921 Desastre militar español en Annual (Marrocos).
Irlanda constitúese en Estado libre.
- 1922 IV Asemblea das Irmandades da Fala en Monforte; **Risco** é elixido Concelleiro Supremo.
Fundación en Xenebra da Sociedade de Nacións.
Ascenso ó poder de **Stalin** na URSS e de **Mussolini** en Italia.
- 1923 Dictadura de **Primo de Rivera**.
- 1925 Final da guerra de Marrocos.
- 1929 Fundación da ORGA, Organización Republicana Gallega Autónoma.
Caída da bolsa de Nova York.
- 1930 Demisión de Primo de Rivera.
- 1931 Proclamación da República en España.
Anteproxecto de Estatuto feito polo Seminario de Estudos Galegos.
Fundación do Partido Galeguista.
- 1933 Victoria de **Hitler** en Alemaña
Dictadura de **Salazar** en Portugal.
- 1934 Revolución de Asturias.
- 1936 Victoria da Fronte Popular en España.
Aprobación do Estatuto de Autonomía de Galicia.
Comezo da Guerra Civil.

FEITOS LITERARIOS

- 1920 Revista *Nós*.
Do Ermo, de **Noriega Varela**.
Teoría do nacionalismo galego, de **Vicente Risco**.
- 1922 *Manifesto ¡Máis alá!*, de **Manuel Antonio** e **Álvaro Cunqueiro**.
- 1924 *Proel*, de **Luis Amado Carballo**.
- 1925 *O lobo da xente*, de **Vicente Risco**.
- 1926 Primeiro libro de *Cousas*, de **Castelao**.
Na noite estrelecida e *O Mariscal*, de **Ramón Cabanillas**.
Dos arquivos do trasno, de **Rafael Dieste**.
- 1928 *Os camiños da vida*, de **Otero Pedrayo**.
O porco de pé e *O bufón de El Rei*, de **Vicente Risco**.
De catro a catro, de **Manuel Antonio**.
- 1930 *Arredor de si*, de **Otero Pedrayo**.
- 1932 *Mar ao norte*, de **Álvaro Cunqueiro**.
- 1933 *Cantiga nova que se chama ribeira*, de **Álvaro Cunqueiro**.
Nao senlleira, de **Fermín Bouza Brey**.
- 1934 *Fra Vernerio* e *A romeiría de Xelmírez*, de **Otero Pedrayo**.
Retrincos e *Os dous de sempre*, de **Castelao**.

Se a literatura galega en xeral pasou por distintos momentos de dificultades, no teatro este problema agudizouse aínda máis. O teatro naceu para ser representado, polo que é preciso que haxa grupos estábeis que demanden obras dramáticas para levar ao escenario. Sen unha burguesía comprometida co país, coa lingua e coas manifestacións culturais galegas, é lóxico que este xénero fose historicamente o menos cultivado na nosa literatura.

Despois da rehabilitación cultural que supón o Rexurdimento, **nos primeiros anos do século XX** xa se comeza a reclamar un teatro galego. A dramaturxia deste período sitúase a medio camiño entre a continuidade do teatro costumista e histórico do século XIX e o teatro nacionalista que desenvolven as *Irmandades da Fala* a partir de 1916.

Un elemento fundamental no asentamento popular do noso teatro nestes anos foron os coros populares (*Toxos e flores*, *De Ruada...*), que estrearon numerosos espectáculos en distintos lugares do país. Os dramaturgos máis importantes do momento son **Xesús San Luís Romero** (1872-1966), autor de *O Fidalgo*, e **Xavier Prado Rodríguez** (1874-1942), autor de obras como *Almas sinxelas*, *Estebinho* ou *Os trasacordos de Mingos*.

A fundación das Irmandades da Fala, en 1916, resulta providencial para o xénero: o teatro recibe un forte pulo ao ser considerado un medio moi eficaz para trasladar dunha maneira directa o ideario nacionalista a amplos sectores da sociedade. Neste período desenvólvese unha incipiente infraestruturas teatral (fundación da Escola Dramática Galega, aparición de coros...) e aumenta considerabelmente o número de obras dramáticas publicadas, así como o número de persoas adicadas de xeito semiprofesional ao teatro (actores, directores, escenógrafos ...).

Entre os autores máis destacados do período figura **Ramón Cabanillas**, autor de *A man da santiña* (1919) – primeiro intento de comedia burguesa na nosa dramaturxia- e *O Mariscal* (1926), drama histórico que ten como protagonista a figura mitificada de Pardo de Cela. Ademais de

Cabanillas, cultivan o xénero teatral **Antón Vilar Ponte, Lugrís Freire, Leandro Carré, Xaime Quintanilla e Armando Cotarelo**, entre outros.

Os autores do grupo Nós, conscientes da necesidade de ampliar o uso do galego a todos os ámbitos da cultura, tamén fixeron contribucións valiosas no do teatro. A dramaturxia do *grupo Nós* abandona a función propagandística e depura os elementos costumistas e realistas en favor dos poéticos e simbólicos.

A obra dramática de Otero e Risco está concibida máis para a lectura que para a representación. **Otero Pedrayo** é autor de tres pezas teatrais: *A lagarada* (1929), *O desengano do prioiro* (1952) e *Noite compostelana* (1973). Trátase de tres farsas cheas de licenzas teatrais que fan moi difícil a súa representación, e que semellan máis ben unha canle para dar saída ás súas emocións. Non difiren, pois, da súa prosa máis que na súa forma dialogada. Máis tarde, en 1975, Otero publicou o seu *Teatro de máscaras*, no que reuniu 16 pezas escritas en 1934.

Vicente Risco é autor dunha única peza dramática, *O bufón de el-Rei* (1928), un drama de carácter simbólico. A obra, que consta de catro pasos, desenvolve a súa acción na época medieval. Unha raíña adúltera e o seu amante son delatados ante o monarca polo seu bufón, cheo de celos. Este bufón, protagonista da peza, é un ser deforme, envexoso e intrigante. A través del, Risco reflexiona sobre a relación entre a deformidade física e a deformidade moral.

A diferenza de Risco e Otero, **Castelao** concibe o teatro para a súa representación. A súa obra sintetiza elementos de procedencia popular e culta e está influída polas concepcións máis modernas do teatro como espectáculo audiovisual. Sente predilección polas tendencias dramáticas da Europa do momento, o Teatro de Arte: orixinalidade, espírito popular, estilización escenográfica e síntese de múltiples artes. A relación de Castelao co teatro abrangueu moitas facetas: foi deseñador de decorados e de vestiario, director artístico...

A súa única peza dramática, *Os vellos non deben de namorarse*, comezou a escribirla antes da guerra, pero non puido estrealala ata 1941, xa no exilio bonaerense. Concibida como un espectáculo integral (texto, música, danza, luminotécnica, decoración...), componse de tres lances nos que presenta tres versións do tópico drama do vello namorado dunha rapaza nova e, nos tres casos, remata coa morte do protagonista.

Dentro da xeración do 25, destacan autores como Álvaro de las Casas, Xaime Quintanilla e, sobre todo, **Rafael Dieste**. A súa obra *A fiesta valdeira* (1927) anticipa a corrente de renovación do teatro galego representada polos autores do *grupo Nós*. Trátase dunha comedia de carácter simbólico, con claros elementos vangardistas. A peza estrutúrase en tres lances, que responden ao modelo clásico de introdución, desenvolvemento e desenlace. Expón o conflito dun indiano que volve rico da emigración e encarga un retrato diante dunha fiesta. O pintor quere pintar unha paisaxe mariñeira na fiesta, símbolo do pasado humilde do indiano. A muller e a filla do indiano opóñense a esta idea por considerala pouco acorde coa súa nova condición. Ao final o conflito resólvese coa aceptación por parte do indiano do seu pasado.

Sociolingüística

TEMA 1. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.

Os prexuízos lingüísticos son xuízos de valor precipitados e emitidos sen base argumentada sobre unha lingua ou sobre os seus falantes e provocan o rexeitamento ou aceptación dun idioma na sociedade. Son case tan vellos como as propias linguas, pois xa os podemos albiscar na antigüidade greco-latina e na Idade Media, onde se confrontaba o latín, lingua culta, cos romances ou linguas vulgares e, cara ao final deste período, falábase de linguas boas ou malas segundo tivesen ou non gramáticas.

Se nos aproximamos á situación sociolingüística de Galicia dáse unha situación derivada do contacto entre linguas, neste caso o castelán e o galego. Aquel comezou, desde os Séculos Escuros, a desprazar o galego dos usos cultos e públicos, relegando á nosa lingua a unha función familiar. Esta situación provocou co paso do tempo a idea de que o castelán era a lingua apropiada para os usos prestixiosos (língua A). Pola contra, a lingua galega, recluída na oralidade, pasou na conciencia dos falantes a considerarse inferior e inadecuada para usos elevados (língua B). É esta situación de desequilibrio lingüístico nos usos á que denominamos **diglosia**.

Na actualidade esta situación ten mudado. Hai capas sociais cultas, urbanas e acomodadas que non renuncian á utilización da súa lingua. Ademais, non existen ámbitos de uso nos que o galego non teña presenza, mesmo que sexa testemuñal. Agora ben, no camiño da normalización lingüística, un dos moitos obstáculos que se atopan é a **vixencia de determinados estereotipos e prexuízos lingüísticos** adquiridos polo falante a partir dunhas determinadas circunstancias históricas, sociais, políticas ou económicas, que constitúen sempre o motivo real da situación. Cos devanditos prexuízos preténdese transmitir a idea de que a lingua minorizada (o galego no noso caso) non é tan válida como a hexemónica, polo que non ten futuro. Todas estas ideas preconcebidas inflúen, á súa vez, na percepción e nos usos lingüísticos dos cidadáns, chegando a provocar, nos falantes que a teñen como lingua inicial, un complexo de inferioridade (autoodio).

Os prexuízos que máis repercuten no uso do galego na actualidade son:

a) De tipo **estético**, vinculando o galego con realizacións nada eufónicas e pouco atractivas (o galego é moi bruto, falar galego é propio de paletos, ignorantes e analfabetos, é unha lingua de xente maior e da aldea ...).

b) De tipo **socioeconómico**, priorizando o concepto pragmático de utilidade, de producir un beneficio (co galego non se vai a ningunha parte, o galego non vale fóra de Galicia, o galego non serve para atopar un traballo ...).

c) De tipo **sociocultural**. Son os prexuízos que máis regresión tiveron nas últimas décadas, no caso galego, o que proba que os prexuízos si poden superarse modificando os hábitos e os usos lingüísticos dos falantes (o galego non é apropiado para explicar a ciencia, o galego non vale para cantar rock, non é o idioma apropiado para o mundo da empresa, o galego non ten sentido no mundo actual, globalizado e con Internet ...).

d) De tipo **sociopolítico**, tratando de presentar o galego como unha agresión ou unha ameaza para o castelán en Galicia (estannos impoñendo o galego, cadaquén que fale na

lingua que queira, non se pode atender ao público en galego, porque pode vir alguén que non o entende, ...) ou ben facéndoo identificable con determinadas opcións políticas.

e) De tipo **pseudolingüístico**, apoiando a idea de que a lingua normativa é unha modalidade lingüística artificial e inventada, sostendo que aquilo que se fala maioritariamente é o castrapo ou que é máis proveitoso aprender inglés que galego. Así, por medio de prexuizos como os sinalados, o galego convértese nunha lingua marcada social e ideoloxicamente, xa que o seu emprego funciona como indicador dunha procedencia determinada, dunha opción ideolóxica e política concreta ou mesmo dunha profesión. Fronte a isto o castelán é a lingua neutra, que non estigmatiza os individuos socialmente.

A **superación destes prexuizos** é importante para acadar unha boa actitude lingüística. Cómpre insistirmos no combate contra estes como ferramenta útil para a normalización, xerando un relato argumentado capaz de opoñerse aos efectos daniños do discurso do poder historicamente dominante, cuestionándoo mediante o coñecemento das causas en que se asenta.


Bilingüismo e diglosia

Un vello idioma no que amaron, odiaron, gozaron, sufriron, creron, soñaron... homes e mulleres ao longo dunha sólida historia, esmorece nas novas xeracións,

pero no se preocupe, no se puede conservar todo, también las ballenas llegarán a extinguirse.



Representación do proceso de substitución lingüística en catro xeracións



O galego/galega políglota (GP) é un individuo que está alfabetizado en galego, é competente en castelán por razóns obvias, sabe falar e ler en inglés porque así o aprendeu no sistema público de ensino obrigatorio, coñece o parentesco de irmandade lingüística entre o galego e o portugués e le (a pesar das diferencias fonéticas e ortográficas) directamente en versión orixinal a Saramago porque así o estudiou, e coñeceu o Renacemento literario vía Camoes e non vía Garcilaso. Pode ser, incluso, que saiba algo de francés ou de alemán. GP navega sen problemas por Internet emitindo mensaxes desde o barrio Galicia da rede, navegación na que regatea con vantaxe polos seus coñecementos de inglés-castelán-portugués. [...] GP é un individuo, en definitiva, de mundo. Non cre que sexa un problema ser dun país pequeno e cunha cultura de ámbito restrinxido, senón todo o contrario: é un privilexio. Non entende o catetismo cultural dos seus amigos mesetarios, que saben castelán e só castelán, e non dan aprendido inglés nin comprenden que hai boas razóns ecolingüísticas para que no planeta existan de pleno dereito milleiros e milleiros de idiomas. [...]

A. Reixa. *O galego políglota*, 1995.

Eu sempre lles fun mui ghalleghista. Toda a vida me ghustou muito iso dos carros, das vacas, andar na leira a sachar nas patacas, cuidar as pitas... e as ghaltas, as ghaitas encántanme [...] E o de falar ghallegho a min ghústamelles muito: pra falar dos paxaros, da aldea, pra discutir cos visiños... O que non pode ser é iso que queren os mosos da vila, que os xuíses paresan palláns a falarlles o ghallegho á xente da aldea. Que ten razón o meu sobriño, que o xuíz de Portosás non parece un pallán, pero iso é lles a televisión, porque se fose de verdade seghuro que ninguén lle fasía caso no que dixese.

E contoume antonte o Rogelio que o seu fillo máis novo, un moi espillido que disque lle fixo a carreira en tres anos e que lles é mul armlgho do meu sobriño, val escribir unha carta ao Campo, que lles é unha tenda ghrandisíma que hai en Vigho, pra disirlles que poñan as cousas en ghallegho. ¡Este rapás! E disía o Xan, que é o fillo máis novo do Rogelio, que entrou nunha tenda en Santlago que ten dentro outro Campo como o de Vigho, e que alí lle teñen todo posto en ghallegho e que as cousas son lghual de boas e que a xente compra o mesmo.

Eu xa non sei qué pensar, porque xa me parece raro que haxa unha tenda tan grande, aunque sexa en Vigho, e máis lnda que en Santlago teñan unha tenda desas metida dentro doutra; pero vale, terel que crelo, porque meu irmán non é nada parvo e díxome que era certo. Pero que na tenda de Santlago poñan todo en ghallegho..., iso ten que ser unha mentira do fillo do Rogelio. Ademais, é como lle disía eu a meu sobriño: ¿Por que demos van poñer as cousas ben en Vigho e en ghallegho en Santlago?

M. Ferreira. *La Voz de Galicia* 27-8-99 (Cartas ó Director).

¿Sabías que?

- O 42% dos galegofalantes iniciais que cambian de lingua incorporáanse ó castelán antes dos 13 anos; nos castelánfalantes iniciais, os cambios prodúcense maioritariamente dos 14 ós 18.

- Os afectados opinan así sobre as razóns do seu cambio de lingua:

Non sei, supoño que me daba rabia non telo falado... Sendo algo que temos aquí... Aí empezou todo, na época do Instituto. Agora falo sempre, a non ser que alguén de fóra diga que non entende...

Debe se-la revolución esta da adolescencia (...) Percateime de que a miña lingua era o galego. Debe ser pola vida estudantil, que contactei con moita xente que falaba o galego (...) sobre todo no Instituto...

Educáronme como ensinando que o galego era unha lingua de xente da aldea... Cambia a maneira de pensar... Cando estudiaba EXB, alí o que falaba galego ríanse del; en cambio, no Instituto, na Facultade, hai máis liberdade de expresión...

El no usario habitualmente..., el dejar de estudiarlo. Como en mi casa no se habla... y en el ámbito que me rodea no se habla, era el único sitio (a escola) donde tenía que hablarlo ...

M. Fernández / M. Rodríguez. *Cadernos de Lingua*.

O problema complícase cando, debaixo da etiqueta de bilingüismo, se agachan situacións moi específicas nas que unha lingua ou fala son usadas para funcións formais (administración, ensino, medios de comunicación, literatura, etc.) e outra lingua ou outra fala se usan nas funcións non formais (en xeral orais). Esta situación coñécese xeneralemente co nome de *diglosia*.

F. Vallverdú.

L'escriptor català i el problema de la llengua, 1968.

Un ciudadano gallego de elementales luces se percató de que vive en una sociedad en la que el idioma castellano está vinculado a realidades y actividades nobles e importantes (riqueza, cultura, ciudad, etc.), mientras que el gallego aparece constantemente vinculado a actividades y realidades de signo contrario o de poco rango (pobreza, incultura, aldea, etc.)

X. Alonso Montero.

Informe —dramático— sobre la lengua gallega, 1973.

Paralelamente, non hai acto solemne no que non se bote man do galego, e persoas que nunca o falan aceptan o seu uso público con litúrxica naturalidade [...] Ora ben, este uso litúrxico non está tampouco libre de perigos. Propicia unha *diglosia invertida* e circunscribe o papel da lingua de Galicia a unha función inelástica e inaccesible [...] Estamos perante unha lingua de cerimonia, invertendo perigosamente os usos. O galego por este camiño vai ser a lingua dos deuses (políticos, literatos, homenaxes) e o castelán a lingua do pobo. A desaparición está anunciada.

X. López Valcárcel

Cadernos de Lingua 3, 1991

3 OS PREXUÍZOS LINGÜÍSTICOS

9. ★★★ Razoa como se pode combater o prexuízo lingüístico que aparece na seguinte viñeta.




10. ★★★ Identifica os prexuízos lingüísticos que se reflicten nas seguintes viñetas.




¡TEÑO QUE MARCHAR, GALICIA É PEQUEÑA PARA MIM!

¡POIS COME MEIROS!



A EIVA QUE TEMOS É QUE FALAMO -LO GALEGO EN GALEGO, QUE SE O FALARAMOS EN CASTELÁN...



- Indica a que eixo temático dos seis establecidos por Freixeiro Mato pertence cada un dos prexuízos lingüísticos anteriores.
- Elabora un texto argumentativo que desbote cada prexuízo.

2. Historia da normativización: a construción da variedade estándar. Interferencias e desviacións da norma.

Todas as linguas presentan unha forte tendencia á diversidade, especialmente no plano oral. A existencia dunha variedade estándar -a que se usa nos ámbitos formais, a que se describe nas gramáticas- contribúe a frear esa dispersión. **A construción da variedade estándar é o que se coñece co nome de normativización lingüística:** fixación dunha ortografía, unha gramática e un dicionario que sirvan de modelos cultos a imitar.

A maioría das linguas románicas fixeron este labor durante a Idade Media, cando o galego comezara xa a sufrir o proceso de minorización, polo que a nosa lingua non emprende esa tarefa -imprescindíbel para a súa normalización social- ata o s. XIX, cos autores do Rexurdimento. **Neste proceso de normativización podemos sinalar catro etapas:**

a) **Galego popularizante** (ata fins do s. XIX). Non existe realmente unha intención normativizadora (Pondal foi o único autor consciente da súa necesidade), utilizan o galego oral no seu rexistro popular (o que se conservara), cheo de vulgarismos, castelanismos e dialectalismos.

b) **Galego enxebriante** (ata 1936). Os autores comezan a sentir a necesidade dunha norma escrita e inclínanse por un modelo diferencialista, que marque distancias co castelán. As características máis salientábeis son:

- Busca dun galego supradialectal.
- Eliminación de castelanismos.
- O portugués é o seu modelo de lingua culta.

c) **Galego protoestándar** (ata fins dos 70). Medra a conciencia da necesidade dun modelo culto que apoie a normalización do galego. Caracterízase sobre todo pola simplificación ortográfica (eliminación de apóstrofos, guións, acentos graves e circunflexos).

d) **Galego estándar** (ata a actualidade). O mellor coñecemento lingüístico (grazas ás investigacións e estudos universitarios) axuda a atopar solucións apropiadas para as interferencias e desviacións que aparecían nas etapas anteriores.

As **interferencias** son o influxo dunha lingua sobre outra, frecuente en situacións de contacto lingüístico e que afectan maioritariamente á lingua máis débil. Aparecen en todos os planos da lingua. Algúns exemplos:

- **No plano fónico:** redución do sistema vocálico de 7 vogais a 5, eliminando a oposición entre semiabertas e semipechadas.

- **No plano morfolóxico:** cambio de xénero de determinados substantivos (*o ponte, *a sangue), seguindo a norma castelá, confusión dos pronomes TE/CHE, uso de tempos verbais compostos.

- **No plano sintáctico:** incorrecta colocación dos pronomes átonos.

- **No plano léxico** é onde máis abundan e responden a diferentes motivacións: prevalencia da palabra coincidente co castelán (comprar por mercar), restrición do significado, adoptando a palabra castelá para a realidade de maior prestixio (billa / *grifo), substitución da forma galega pola castelá (*arcilla por arxila, *tenedor por garfo...)

Chamámoslle **desviacións** a aquelas voces que non se axustan á normativa, ben porque non pertencen ao nivel culto (vulgarismos, dialectalismos), ben por non seren palabras de uso actual (arcaísmos), ben por seren inventos motivados indirectamente pola presión do castelán (hipergaleguismos).

Textualización literaria do conflito

A interacción discursiva entre o galego e o castelán maniféstase nos usos espontáneos e coloquiais, pero tamén ás veces en textos de creación (na literatura, na música, etc.). Especialmente nas últimas décadas —que foi cando o debate social sobre as linguas acadou máis forza— é frecuente que algúns autores boten man desa hibridación lingüística que se aprecia na oralidade informal para convertela en materia creativa e en instrumento para a crítica, a ironía e mesmo a caricatura. A continuación ofrécense dous exemplos disto para que os comentedes: unha canción do grupo de 'Rock Bravú' *Herdeiros da Crus*, e un fragmento da novela *Círculo* do narrador Suso de Toro. Na columna da dereita dánsevos algunhas ideas para esa análise.

Son fillo de Antonio e de Juana Carballo
Eu son mariñeiro, eu son proletario
Non teño escola nin tampouco son parvo
Desde os sinco anos levo currando
Conosín a Paquita en Betansos
Bailando os dous un agharrado
[sca-lle lura, my friend!
[sca-lle lura, meu rei!
[sca-lle lura, non ves?
[sca-lle lura, heil!
Pescando na dorna pasou-me un detalle
Cun turista paseando no yate
—Oiga señor, ¿qué está pescando?
—E ló non ves? Ti es parvo.
—No entiendo, chico, 'I am de Rianxo'
—Ai logho veña, entonses buenas tardes

[sca-lle lura, my friend!
[sca-lle lura, meu rei!
[sca-lle lura, non ves?
[sca-lle lura, heil!
—Ando ás fanecas y a los piosbardos
—¿Eso se come?
—Pues hombre, claro
—Ay qué bien, ya estoy afamado
Y tenjo el estómajo jripado.
—No entiendo, chico, 'I am de Rianxo'
—Ai logho veña, entonses buenas tardes
Herdeiros da Crus

Ca, yo no te soy como ellos

Yo no soy como mi madre, ca, ni como mi padre, no, señor. Yo no soy como ellos, ni soñarlo. No te creas tú que yo me arreglo por estar guapa, eso también, pero si miro de andar arregladita es porque quiero ser distinta de ellos. Mi madre, siempre a trabajar como una esclava, pobre mujer, con esas manos ásperas que parecen de lija que hasta a Yasmínita no le gusta que la acaricie con ellas. Y mi padre, siempre oliendo a pescado [...] Si me llego a quedar trabajando allí, ahora estaría como Fina o como Pacucha, que se quedaron allí y casaron allí y dicen que están contentas, pero cuando me ven no son más que a preguntarme, ¿y luego qué tal vives allá?, ¿y vas mucho al cine?, y tal. Y bueno, salir mucho no se sale, pero por lo menos se está en la ciudad donde te está toda la gente y la niña; ya nace allí y te son todas otras ventajas, sobre todo para la niña. Ai, estache ben o conto; comó non espabiles a buscar o mellor para os fillos, quedan atrás, Hay que mirar que tengan mejor vida que nosotros, los abuelos andarón esclavizados y nosotros aún te pasamos nuestros trabajos, pero ellos si hacen caso no han tener que trabajar.

A mí te me gusta ir allí algún día, pero a la que pasan dos días ya me aburro, allí no hay aliciente. Además no me gusta que los niños estén mucho tiempo con los abuelos porque luego no vengan con tonterías o hablando mal. Una semana que fuimos Toño y yo a Torremolinos [...] pues los niños quedaron con los abuelos, y ya me vino el Ivancito diciendo "non te amola" como el abuelo. Al abuelo, claro, le hace gracia porque él no tiene que educarlo, pero luego yo tuve que darle una buena morrada para que dejase de decirlo y para que no se rían de ellos los otros niños, qué pensarán de una [...].

Y conste que yo no tengo nada contra el gallego, eh. Yo soy gallega como la que más. Y si ahora los políticos o gente que sale en la televisión falando galego pues muy bien, yo no sé lo que harán luego en casa, que o mesmo educan os fillos no galego que non, iso xa non o sabe unha, que el otro día te estaba delante mía una presentadora desas de la tele gallega y bien que te hablaba el castejano, en la tele el galleguño porque les obligan pero después, a la que salen, nadiña, así que mira, que vayan todos por ahí, pero yo mis hijos como los de los demás, que quiero que tengan oportunidades y no ser como sus abuelos. O como su madre misma, que yo tampoco tuve muchas oportunidades y case que non teño estudio ningún, viaxar aínda viaxei algo, que fun a Canarias e a Mallorca e a Torremolinos, así que algo de mundo xa che vin. Pero tuve que espabílarne bien.

Suso de Toro. *Círculo*.

☺ Malia pertenceren a dous xéneros que teñen que ver coa creación (canción e narración) tanto o primeiro como o segundo texto pretenden reproducir a fala coloquial e espontánea. ¿En que se manifesta isto?

☺ Identifica algún exemplo de dialectalismo e de castelanismo no primeiro texto.

☺ Observa tamén nese texto en qué situación se recorre ó castelán (e ó inglés): ¿Con que intención se fará? ¿Que pretenden os autores da canción con este recurso á outra lingua?

☺ O texto de Suso de Toro discorre maioritariamente en castelán, pero con algún desvío cara ó galego. Identifica esas situacións e indica qué función cumpre este recurso ó outro código.

☺ Á parte dos fragmentos que se intercalan en galego, no resto do discurso que pretende ser unilingüe en castelán aparecen múltiples exemplos de galeguismos. Sinálosos.

☺ ¿Que tipo de persoa se debuxa a través deste monólogo? ¿Responde a algún estereotipo? ¿Que papel cumpre a maneira de falar na súa caracterización? ¿Como definirías a actitude do autor fronte a este personaxe?

☺ Finalmente, facede unha lectura en voz alta dos dous textos co ton adecuado.